

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 6 de abril de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día seis de abril de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(280).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 23 de marzo e extraordinaria e urxente do 24 de marzo de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(281).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLA ALCALDÍA NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2017. EXPTE. 14898/101.

Dáse conta do informe de data 31/03/17, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, e o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

En cumprimento da instrución da base 31º de execución do orzamento en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados pola Alcaldía, no primeiro trimestre do ano 2017.

EXPTE.	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMEN-TARIA	Nº OPE-RACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
14713-101	02/01/17	GASTOS DE REPRESENTACIÓN	9120.2260100	2524	21.778,79 €	Alcaldía
14715-101	02/01/17	ANUNCIOS INSTITUCIONAIS E LICITACIONES	9121.2260200	2525	21.778,79 €	Alcaldía
14716-101	02/01/17	PRODUCCIÓN ANUNCIOS INSTITUCIONAIS ANO 2017	9120.2279910	2527	21.110,00 €	Ecovigo Publicidad S.L.
14717-101	02/01/17	ALUGUER DE EQUIPOS ACTOS INSTITUCIONAIS	9120.2050000	2526	21.778,79 €	Alcaldía
14718-101	02/01/17	TRANSPORTES MENSAXERÍA	9120.2230000	2541	15.000,00 €	Alcaldía
14719-101	03/01/17	DIETAS ALCALDIA E PERSOAL STAFF	9120.2300000	8136	6000,00 Eur	Alcaldía
14720-101	03/01/17	GASTOS LOCOMOCION	9120.2310000	8159	21.778,79 €	Alcaldía
14721-101	03/01/17	ASISTENCIA VODAS CIVÍS	9120.2279910	2529	19.048,20 €	DAEGA Protocolo y Eventos S.L.U
14722-101	03/01/17	ALERTAS EUROPA PRESS	9120.2279905	2637	5.532,00 €	Europa Press Delegaciones S.A.
14723-101	03/01/17	EUROPA PRESS SERVIZO DE NOVAS	9120.2279905	2631	11.111,76 €	Europa Press Delegaciones S.A.
14724-101	03/01/17	SUBSCRIPCIÓN	9120.2200100	2632	21.778,79 €	Alcaldía
14725-101	03/01/17	DIFUSIÓN DE PROGRAMAS E DISTRITOS	9120.2260200	2633	21.778,79 €	Alcaldía
14727-101	03/01/17	GASTOS DIVERSOS	9120.2269900	2634	21.778,79 €	Alcaldía
14729-101	03/01/17	GASTOS IMPRESIÓN EN DIFERENTES FORMATOS	9120.2279910	2635	21.778,79 €	Alcaldía
14730-101	03/01/17	MONTAXE E DESMONTAXE DE ELEMENTOS AMBIENTAIS	9120.2279910	2636	21.778,79 €	Alcaldía
14731-101	04/01/17	TRABALLOS TÉCNICOS VARIOS	9120.2279910	3313	10.000,00 €	Alcaldía
14760-101	11/01/17	INSTALACIONES ESTRUCTURAS CELEBRACIONES DE ACTOS	9120.2279910	8120	6.776,00 €	Big Lab S.L.U.
14761-101	24/01/17	DIVULGACIÓN DA CULTURA AUTÓCTONA LOCAL	9120.2260901	8121	17.999,00 €	Alcaldía
14762-101	25/01/17	SUBMINISTROS DE PRODUCTOS PROMOCIONAIS	9120.2219900	8420	21.761,85 €	Gráficas Mon&Mon S.L., Graciano Rodríguez S.L.
14763-101	25/01/17	GASTOS EXPOSICIÓN "MOSTRARTE" 2017	9120.2260900	8412	20.952,00 €	Domingo Teixeira Rodríguez
14766-101	26/01/17	ASISTENCIA TÉCNICA PLENOS ANO 2017	9120.2279910	8413	9.225,04 €	Spica S.L.
14771-101	27/01/17	ACTUACIONES MUSICAIS ACTOS INSTITUCIONAIS	9120.2260901	8879	17.999,00 €	Alcaldía
14788-101	08/02/17	DIETAS DO PERSOAL DA ALCALDÍA	9120.2302000	11898	3.000,00 €	Alcaldía
14809-101	17/02/17	TAZAS CONMEMORATIVAS CELEBRACIÓN DA RECONQUISTA 2017	9120.2279905	20869	21.175,00 €	Faro de Vigo S.A.U.
14819-101	28/02/17	CONCELLO DE VIGO INFORMA: PROGRAMA "VIGO EN INGLÉS 2017"	9121.2260200	24787	18.865,11 €	Iniciativas Audiovisuales Vigo S.L.U., Radio Blanca S.A, Radio Popular S.A., Cope Vigo, Uniprex S.A., Radio Vigo S.A.U., Media Wave Grupo de Comunicación S.L.
14820-101	01/03/17	CONCELLO DE VIGO INFORMA "ACCESO VEHICULOS AO CASCO VELLO"	9121.2260200	24788	11.413,01 €	Iniciativas Audiovisuales Vigo S.L.U., Radio Blanca S.A, Radio Popular S.A., Cope Vigo, Uniprex S.A., Radio Vigo S.A.U., Media Wave Grupo de Comunicación S.L.

EXPTE.	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMEN-TARIA	Nº OPE-RACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
14830-101	06/03/17	ALQUILER TEATRO GARCÍA BARBÓN VIGUESES DISTINGUIDOS 2017	9120.2020000	27844	3.146,00 €	Fundación Galicia Obra Social
14831-101	06/03/17	AGASALLOS VIGUESES DISTINGUIDOS 2017	9120.2260100	26648	20.268,95 €	Danelka, S.L., Silverio Rivas Alonso, Joyería Ramón Fernández, S.A.
14836-101	07/03/17	PUBLICIDADE INSTITUCIONAL DÍA DA MULLER	9120.2260200	25614	8.623,07 €	Faro de Vigo S.A.U., Rías Baixas Comunicación S.A.
14837-101	07/03/17	BANDO DÍA DA RECONQUISTA 2017	9121.2260200	26990	11.700,70 €	Faro de Vigo S.A.U., Rías Baixas Comunicación S.A., La Voz de Galicia S.A.
14853-101	15/03/17	REALIZACIÓN REPORTAXE FOTOGRAFICA ALCALDÍA	9120.2260100	27838	907,50 €	J.J. Lanfoco S.A.E. S.L.
14861-101	16/03/17	RETRANSMISIÓN DA GALA DO DEPORTE 2017	9120.2260200	27839	16.320,00 €	Iniciativas Audiovisuales Vigo S.L.U.
14862-101	16/03/17	GRAVACIÓN E EMISIÓN DA GALA VIGUESES DISTINGUIDOS 2017	9120.2260200	27840	16.320,00 €	Iniciativas Audiovisuales Vigo S.L.U.
14871-101	20/03/17	ALUGUER EQUIPOS DE SON ACTOS DO DÍA DA RECONQUISTA 2017	9120.2050000	31885	8.082,80 €	Sonido Collazo S.L., Global Setup S.L.
14873-101	20/03/17	ELABORACIÓN DE SOPORTE AUDIOVISUAL PARA A GALA VIGUESES DISTINGUIDOS 2017	9120.2279910	31886	2.117,50 €	Asombra produccions
14878-101	23/03/17	DECORACIÓN GALA VIGUESES DISTINGUIDOS 2017	9120.2279910	32108	6.667,10 €	Corporación de Comunicaciones S.L.
14879-101	23/03/17	DESEÑO E IMPRESIÓN MATERIAL NECESARIO PARA A CONMEMORACIÓN DO DÍA DA RECONQUISTA DE VIGO 2017	9120.2279910	32110	5.193,71 €	Ecovigo Publicidad S.L.
14880-101	24/03/17	PRESENTACIÓN PROXECTO PAINIFICADORA	9120.2279910	32109	2.286,90 €	Spica S.L.
14877-101	23/03/17	GASTOS DIVERSOS DOS ACTOS DO DÍA DA RECONQUISTA 2017	9120.2269900	32127	11.052,80 €	Erreyo, S.L., Catering Don Pepe, S.L., Cafetería Yoka, S.L., Paulino Rodríguez Villar

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(282).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSOS PRESENTADOS CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN 2016. EXPTE. 119777/301.

Visto o informe de fiscalización do 14/03/17, e informe-proposta do 3/04/17, asinado polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, a xefa de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e a concelleira delegada da Área de Política de Benestar, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de abril de 2016, acordou aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2016», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 119777/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2016 consignouse unha partida por importe de 1.640.000 de euros destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=1776&lang=ga> e no BOP de Pontevedra nº 87 do 6 maio de 2016. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP nº 94, do 18.05.2016 e que finalizou o 15.06.2016, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 2.996 solicitudes.

I.5. Polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social) foron tramitadas as solicitudes e comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles e a correspondente documentación acreditativa. A seguir, procedeu á súa avaliación de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación.

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 21.10.2016 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.890 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 160.063.733 e remata co nº 160.083.963), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2016». O gasto total (1.549.954,45 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”.

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 1.106 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 160.063.858 e remata co nº 160.104.542) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

I.8. Contra este acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN. De todos eles, propúxose xa ó órgano resolutorio a estimación dos referidos a solicitudes que sí cumprían os requisitos das bases da convocatoria. Os demais serán obxecto de desestimación expresa nos termos recollidos nesta proposta.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación – 2016 (Concello de Vigo; XGL 22.04.2016; BOP nº 87, do 06.05.2016).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 21.10.2016, desestimatorios das súas solicitudes de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2016».

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpoñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producese a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinado o seu contido, propoñemos **DESESTIMAR** expresamente os recursos que se relacionan no CADRO ANEXO, toda vez que o Acordo da XGL impugnado resulta axustado ás bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2016» e as respectivas solicitudes foron correctamente desestimadas por superar o nivel de rendas establecido nas Bases para a unidade familiar ou de convivencia, por non achegar toda a documentación necesaria ou polas demais causas sinaladas en cada caso no Anexo II daquel Acordo (carecer do permiso de residencia, falta da antigüidade esixida no PMH, falecemento, etc.)

Polo exposto, a resolución desestimatoria adoptada a respecto desas solicitudes foi correcta e debe ser confirmada nesta instancia.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar os recursos potestativos de reposición presentados contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 21.10.2016 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas económicas ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2016» que figuran no Cadro Anexo por superar o nivel de rendas máximo establecido nas Bases, non achegar toda a documentación requirida ou polas demais circunstancias que se expresan en cada caso (Base 7ª pto. 1, Apdo. 5; Bases 9ª, 11ª e ccdtes.). O Anexo comeza co recorrente nº 1, con DNI/NIE/Pasaporte nº 36.052.673-N (Doc. nº

160146946; Exp. nº 124740/301) e remata co nº 125, con DNI/NIE/Pasaporte nº 32.809.582-J (Doc. nº 160151765; Exp. nº 122987/301).

SEGUNDO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

ANEXO
RECURSOS AEFAS 2016
DESESTIMADOS

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
1	36.052.673-N	124740/301	1ª Travesía Naia nº 20-Bx. 36214 Vigo	31/10/2016 160146946	(1)
2	Y-2372183-T	121851/301	Devesa Santa Tegra nº 36-Bx. 36207 Vigo	02/11/2016 160147883	(1)
3	36.117.975-V	121560/301	Couto Piñeiro nº31-Bx. 36204 Vigo	02/11/2016 160147741	(1)
4	50.725.857-R	124584/301	Tomás Alonso nº120-4ºE 36208 Vigo	23/11/2016 160159065	(1)
5	53.191.418-P	123336/301	Foxos nº30-1º 36207 Vigo	15/11/2016 160153973	(1)
6	54.427.288-L	121757/301	Travesía de Vigo nº146-8ºD 36206 Vigo	03/11/2016 160148443	(1)
7	35.554.127-Z	124049/301	Cmño. Mideiros nº16-Bx. 36205 Vigo	26/10/2016 160143795	(1)
8	35.573.372-P	122074/301	Falperra nº2-2º 36202 Vigo	27/10/2016 160144262	(1)
9	36.108.275-T	124141/301	Ramón Nieto nº122-2ºA 36205 Vigo	03/11/2016 160148499	(1)
10	36.174.351-C	124091/301	Urzaiz nº75-4ºdr. 36204 Vigo	07/11/2016 160150084	(1)
11	Y-2234416-A	121815/301	Sanjurjo Badía nº27-2ºB 36207 Vigo	17/11/2016 160155439	(1)
12	53.817.983-F	122749/301	Foxos nº20-1º 36207 Vigo	14/11/2016 160153560	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
13	Y-2060414-L	121446/301	Sanjurjo Badía nº27-2ºB 36207 Vigo	21/11/2016 160157699	(1)
14	36.077.150-V	122400/301	Ricardo Torres Quiroga nº1-1ºC 36210 Vigo	28/10/2016 160144871	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
15	39.515.889-A	122239/301	Menéndez Pelayo nº34-1ºesq. 36211 Vigo	16/11/2016 160155010	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
16	36.052.137-M	124428/301	Cmño. Pinal nº10-Bx. 36214 Vigo	27/10/2016 160144170	(1)
17	07.817.493-T	125404/301	Cruz Verde nº9-3ºB 36202 Vigo	15/11/2016 160154234	(3) Solicitud inicial presentada fóra de prazo
18	X-4803053-D	122599/301	Travesía de Vigo nº94-Portal 1- 3ºK 36206 Vigo	15/11/2016 160154214	(1)
19	77.463.414-N	123484/301	Cmño. Pombal nº38-3ºesq. 36205 Vigo	27/10/2016 160144082	(3) O solicitante leva menos de 3 anos empadroado no municipio
20	36.113.021-P	122995/301	Burgos nº29-1ºesq. 36205 Vigo	28/10/2016 160144547	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
21	76.581.064-B	122993/301	Valladolid nº3-1º esq. 36205 Vigo	26/10/2016 160143452	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
22	X-7935076-F	122196/301	Brasil nº52-3ºC 36204 Vigo	27/10/2016 160144207	(1)
23	Y-0905183-D	121946/301	Vázquez Varela nº29-6ºdr. 36204 Vigo	14/11/2016 160153556	(1)
24	36.149.578-H	123510/301	Anduriña nº27-1ºA 36205 Vigo	02/11/2016 160147764	(1)
25	X-4303038-Z	122245/301	Arquitecto Alberto Baltar nº3-4ºF 36210 Vigo	27/10/2016 160144057	(1)
26	Y-1617123-F	125461/301	Bda. Salgueira nº52-2º 36204 Vigo	27/10/2016 160144081	(3) Solicitud inicial presentada fóra de prazo
27	36.134.752-G	123218/301	Couto de San Honorato nº159-Bx. 36204 Vigo	31/10/2016 160147309	(1)
28	53.184.289-D	122413/301	Manuel de Castro nº4-2º 36210 Vigo	16/11/2016 160154820	(1)
29	53.180.845-S	121621/301	Cristo nº54- Bx.int. 36205 Vigo	26/10/2016 160143650	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
30	39.494.790-H	123622/301	Montecelo Alto nº5-Soto. 36207 Vigo	27/10/2016 160144236	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
31	39.487.877-M	124737/301	Sagunto nº72-1º 36205 Vigo	14/11/2016 160153526	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
32	36.105.038-Y	124968/301	Portela nº6-3º 36205 Vigo	18/11/2016 160157159	(2) [Non achegou en prazo nómina abril/2016]
33	X-8792154-J	124372/301	Travesía Forno nº9-Bx. Ext. 36204 Vigo	02/11/2016 160148137	(1)
24	36.081.206-W	122453/301	Conde de Torrecedeira nº21-2ºC 36202 Vigo	02/11/2016 160147667	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
35	36.044.018-M	124646/301	San Xosé nº28-Bx. 36206 Vigo	27/10/2016 160144364	(1)
36	35.572.218-G	122818/301	Urzaiz nº211-5º 36205 Vigo	28/10/2016 160144669	(1)

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
37	76.905.773-Y	124480/301	Urzaiz nº235-1ªA 36205 Vigo	20/12/2016 160171017	(3) Recurso presentado fóra de prazo (1)
38	76.992.198-C	124703/301	Cmño. Esturáns nº50-Bx. 36208 Vigo	10/11/2016 160151864	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
39	Y-0711556-L	123845/301	López Mora nº19-6ªC 36211 Vigo	11/11/2016 160152792	(1)
40	X-7692232-C	121879/301	Isaac Peral nº4-1ªC 36201 Vigo	11/11/2016 160152669	(1)
41	X-0659635-H	122193/301	Bxda. Mestre Chane nº8-5ªI 36206 Vigo	11/11/2016 160152634	(1)
42	36.055.278-H	125012/301	Menéndez Pelayo nº32-4ªB 36211 Vigo	07/11/2016 160149893	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
43	36.102.387-T	121692/301	Bxda. a Ríos nº20-2ªdr. 36207 Vigo	04/11/2016 160149088	(1)
44	Y-2183016-P	124337/301	Alfonso X, O Sabio nº4-2ªC 36210 Vigo	09/12/2016 160166321	(1)
45	36.025.373-J	123960/301	Aragón nº209-Portal 1-3ªK 36206 Vigo	04/11/2016 160149371	(1)
46	36.091.255-T	124760/301	Travesía de Vigo nº58-5º 36206 Vigo	07/11/2016 160150277	(1)
47	Y-0723170-H	121539/301	Alfonso X, O Sabio nº4-4ªB 36210 Vigo	07/11/2016 160150187	(1)
48	A-1712914	124663/301	Falperra nº45-3ªdr. 36202 Vigo	07/11/2016 160150172	(3) O solicitante non acredita residencia legal en España
49	35.472.456-Q	124130/301	Teixugueiras nº17-BI.1-5ªB 36212 Vigo	07/11/2016 160150153	(1)
50	36.061.756-X	124149/301	Elduayen nº53-5ªÁtico 36202 Vigo	07/11/2016 160150039	(1)
51	36.164.779-Q	123991/301	San Lourenzo nº44-Bx. 36206 Vigo	04/11/2016 160149281	(2) [Declaración IVE autónomo 1º trimestre 2016]
52	X-1836445-X	124395/301	Cantabria nº191-Soto 36216 Vigo	04/11/2016 160149251	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
53	54.468.881-M	124272/301	Xosé Antela Conde nº19-2ªB 36205 Vigo	23/11/2016 160159140	(1)
54	77.002.087-L	122205/301	Brasil nº48-1ªC 36204 Vigo	04/11/2016 160149153	(1)
55	36.041.244-Z	122968/301	Doutor Cadaval nº27-1ªesq. 36202 Vigo	04/11/2016 160149421	(3) O solicitante leva menos de 3 anos empadroado no municipio
56	06.279.492-D	121423/301	Severo Ochoa nº3-5ªC 36202 Vigo	31/10/2016 160147120	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
57	02.883.632-F	122943/301	Sanjurjo Badía nº88-1ªB 36207 Vigo	02/11/2016 160147955	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
58	36.080.345-S	122970/301	Menéndez Pelayo nº32-3°C 36211 Vigo	31/10/2016 160147216	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
59	36.010.993-P	121644/301	Fisterra nº11-1º 36203 Vigo	04/11/2016 160149135	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
60	X-4503902-L	121936/301	Toledo nº11-7ºL 36205 Vigo	12/12/2016 160166903	(1)
61	34.867.159-X	124921/301	Poboadores nº14-Bx. 36202 Vigo	24/11/2016 160159967	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
62	36.066.121-M	123291/301	Florida nº111-3ºB 36210 Vigo	21/11/2016 160157732	(1)
63	47.387.833-J	121568/301	Cmño. Xuncal nº1-1ºD 36216 Vigo	24/11/2016 160159717	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
64	39.452.537-Q	121558/301	Aragón nº82-5ºF 36206 Vigo	30/11/2016 160162436	(1)
65	36.125.251-W	121679/301	Cmño. Fontes nº13-Bx. 36212 Vigo	28/10/2016 160144832	(1)
66	35.280.869-T	124137/301	Aragón nº96-2ºC 36206 Vigo	31/10/2016 160147156	(1)
67	39.492.354-C	124933/301	Ecuador nº20-4ºA 36203 Vigo	16/12/2016 160169425	(1)
68	53.188.176-D	122062/301	Travesía de Vigo nº219-3º-34 36207 Vigo	03/11/2016 160148655	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
69	39.452.427-K	123221/301	Cmño. Paraixal nº43-Bx. 36216 Vigo	31/10/2016 160147264	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
70	36.154.413-T	123331/301	Castrelos nº184-4ºB 36210 Vigo	31/10/2016 160147278	(1)
71	53.193.314-H	123259/301	Florida nº125-5ºE 36210 Vigo	21/11/2016 160157735	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
72	36.136.354-L	124139/301	Xeranio nº12-2º 36207 Vigo	22/11/2016 160158571	(1)
73	Y-0159626-C	121763/301	Extremadura nº22-4º 36206 Vigo	07/11/2016 160150006	(1)
74	X-7905357-G	122917/301	Emilia Pardo Bazán nº26-4º 36204 Vigo	24/11/2016 160159756	(3) O solicitante leva menos de 3 anos empadroadado no municipio
75	X-8773204-S	123394/301	Travesía Esperanza nº10-Bx. B 36202 Vigo	28/11/2016 160161241	(1)
76	36.023.387-M	121779/301	Bueu nº13-1ºD 36209 Vigo	09/11/2016 160151594	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
77	36.156.195-B	122352/301	Aragón nº217-5ºA 36207 Vigo	27/10/2016 160144320	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
78	X-6865978-H	122456/301	Llorente nº25-3ºB 36202 Vigo	11/11/2016 160152786	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
79	35.465.031-C	124724/301	Barrio do Cura nº2-bx. 36202 Vigo	28/10/2016 160145004	(1)

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
80	36.092.811-S	122967/301	Callao nº8-Bx. 36201 Vigo	08/11/2016 160150931	(1)
81	X-2553591-Q	123293/301	Conde Torrecedeira nº96-4ºB 36208 Vigo	10/11/2016 160152242	(1)
82	36.032.279-L	124895/301	Vilaboa nº29-Bx. 36214 Vigo	08/11/2016 160150426	(1)
83	10.552.797-Y	123310/301	García Barbón nº116-6ºD 36201 Vigo	09/11/2016 160151414	(1)
84	51.465.988-S	123985/301	Pracer nº21-Bx. 36202 Vigo	08/11/2016 160150775	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
85	36.021.418-Z	123621/301	Julia Minguillón nº4-8ºA 36201 Vigo	03/11/2016 160148447	(1)
86	Y-1680931-J	121731/301	Sata Marta nº8-2º 36202 Vigo	09/11/2016 160151415	(1)
87	X-2091225-L	122747/301	Isaac Peral nº4-1ºC 36201 Vigo	23/12/2016 160172990	(3) Recurso presentado fóra de prazo (1)
88	39.454.831-X	123528/301	Cmño. Pasales nº20 36312 Vigo	08/11/2016 160150725	(1)
89	53.172.313-Q	123131/301	Ctra. Miraflores nº131-2º 36214 Vigo	09/11/2016 160151234	(1)
90	PB-4215336 Y-4261362-M	125151/301	Portela nº10-1ºD 36205 Vigo	08/11/2016 160150636	(3) O solicitante leva menos de 3 anos empadroado no municipio
91	X-7692238-A	124860/301	Isaac Peral nº4-1ºC 36201 Vigo	11/11/2016 160152780	(1)
92	36.114.177-Z	124341/301	As Teixugueiras nº13-Portal 5- 2ºN 36212 Vigo	11/11/2016 160152987	(1)
93	X-3305459-Z	121650/301	Isaac Peral nº4-1ºC 36201 Vigo	11/11/2016 160152628	(1)
94	X-8754363-B	122183/301	Isaac Peral nº4-1ºC 36201 Vigo	10/11/2016 160152026	(1)
95	X-2323283-F	125233/301	Barcelona nº14-3ºB 36203 Vigo	05/12/2016 160164935	(1)
96	36.123.623-F	121647/301	As Teixugueiras nº17-Bloque 1- 6ºD 36212 Vigo	03/11/2016 160148558	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
97	36.124.594-N	121638/301	Conde Torrecedeira nº19-1ºA 36202 Vigo	04/11/2016 160149314	(1)
98	39.490.393-Z	122763/301	Sanjurjo Badía nº40-1ºA 36207 Vigo	28/11/2016 160160870	(1) [pensión Uruguay + 20 días contrato abril/2016]
99	36.091.949.-G	121509/301	Cmño. Xuncal nº1-Bx.Dr. 36216 Vigo	31/10/2016 160147127	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
100	39.489.166-Y	123368/301	Padre Sarmiento nº10-3ºesq. 36204 Vigo	17/11/2016 160155285	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
101	36.062.319-K	124719/301	Jaime Balmes nº2-1ºesq. 36208 vigo	03/11/2016 160148634	(1)
102	X-4406130-C	124621/301	Travesía de Vigo nº95-6ºA 36207 Vigo	16/11/2016 160155047	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
103	32.628.014-F	124848/301	Poboadores nº16-Bx. 36202 Vigo	24/11/2016 160159961	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
104	53.176.467-F	125160/301	Carrasqueira nº18 36331 Vigo	03/11/2016 160148310	(1) [B.F. IGAPE: 27 días abril/2016]
105	X-0937927-X	122191/301	Pi i Margall nº106-4ºT 36202 Vigo	17/11/2016 160155304	(1)
106	39.514.052-Y	121509/301	Cmño. Vello nº8 (Lavadores) 36214 Vigo	20/10/2016 160144826	(1)
107	52.500.537-R	123426/301	Pza. Eugenio Fadrique nº1-A 36208 Vigo	29/11/2016 160161852	(3) O solicitante leva menos de 3 anos empadroado no municipio
108	39.499.312-D	125360/301	Conde Torrecedeira nº80-8ºC 36202 Vigo	01/12/2016 160163199	(1)
109	53.186.527-Q	121369/301	Aragón nº221-6ºJ 36207 Vigo	27/10/2016 160144067	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
110	53.198.472-R	121552/301	Cmño. Caramuxo nº79-Portal 2- Bx. 36213 Vigo	03/11/2016 160148502	(1)
111	36.124.036-Y	122061/301	Real nº24-2ºesq. 36202 Vigo	03/11/2016 160148470	(1)
112	78.798.967-R	125272/301	Alcalde Portanet nº19-3ºA 36210 Vigo	18/11/2016 160157303	(1)
113	X-7986831-N	122584/301	Zamora nº33-1º 36203 Vigo	28/11/2016 160161152	(1)
114	Y-3382672-F	124939/301	Conde Torrecedeira nº76-5ºB 36202 Vigo	03/11/2016 160148564	(3) O solicitante leva menos de 3 anos empadroado no municipio
115	36.145.610-Y	121767/301	Grove nº2-Portal 3-7ºC 36209 Vigo	27/10/2016 160144061	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases
116	32.801.976-C	124581/301	Fermín Penzol nº16-4º 36202 Vigo	24/11/2016 160159979	(1)
117	16.036.055-H	124280/301	Florida nº125-1ºE 36210 Vigo	05/12/2016 160164930	(1)
118	X-1306432-D	122527/301	Zamora nº19-5ºB 36203 Vigo	15/11/2016 160154111	(1)
119	X-2738096-S	123403/301	Pza. da Pedra nº7-1ºA 36202 Vigo	15/11/2016 160154160	(1)
120	Y-0148123-V	121997/301	Couto Piñeiro nº23-Bx. 36204 Vigo	15/11/2016 160153901	(1)
121	35.766.411-P	123591/301	Parada de Matamá nº20 Pbx. 36213 Vigo	15/11/2016 160154245	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº	ENDEREZO NOTIFICACIÓN	DATA REC. DOC. Nº	MOTIVO DESESTIMACIÓN (1) Superar o nivel de rendas (2) Falta de documentación (3) Outros motivos
122	36.080.914-D	125267/301	Travesía de Vigo nº94-Portal 2-9ºH 36206 Vigo	03/11/2016 160148589	(2)
123	34.972.339-B	123439/301	Esperanto nº2-3ºesq. 36204 Vigo	22/11/2016 160158275	(3) O solicitante leva menos de 3 anos empadroado no municipio
124	53.195.099-D	124152/301	Ctra. Camposancos nº168-1ºA 36330 Vigo	27/10/2016 160144102	(1)
125	32.809.582-J	122987/301	Pinal de adentro nº 3, 7º-D 36210 Vigo	09/11/2016 160151765	(3) A puntuación concedida é conforme coas bases

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(283).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIOSANITARIA DESTINADO A PERSOAS DROGODEPENDENTES EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL EN VIGO-ANO 2017. EXPTE. 137858/301.

Visto o informe xurídico do 24/03/17, o informe de fiscalización do 31/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 24/03/17, asinado polo xefe do Servizo de Cedro, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.

II. No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das conductas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, e mellorar a atención aos colectivos en situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, redución do dano e intervención en media aberto.

III. O PLDA ten como instrumentos para o seu desenvolvemento, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenios con outras administracións, e a coordinación e colaboración coas entidades locais (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

IV. O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos

xerais, atópanse os de diminuír os riscos e reducir os danos para a saúde e o benestar derivados do consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, mellorar a cobertura asistencial dos trastornos aditivos e apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas en Rede de Tratamento de Condutas Aditivas e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos. Máis concretamente, se establece como unha liña estratéxica a diminución de riscos e redución de danos asociados ó uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ó consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de talleres sobre consumo de menor risco e prácticas de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.

V. No marco de actuación anterior, propónse o establecemento dunha subvención, determinada pola imposibilidade de proporcionar o servizo con medios propios do Servizo e a inexistencia de empresas que desenvolvan estas tarefas no noso medio. Por outra banda, as propias características técnicas do programa, determinan a conveniencia de establecer un convenio de colaboración cunha entidade sen ánimo de lucro do ámbito local.

VI. O Concello ven traballando coa entidade Médicos do Mundo para a prestación dun servizo que cubra as carencias da estrutura municipal actual e, no orzamento de CEDRO, existe consignación de crédito na aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01 "Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo" por un importe para o ano 2017 de 50.000 euros.

VII. Polo exposto e por tratarse dunha subvención na que se acreditan razóns de interese público, social e humanitario, propónse á Xunta de Goberno Local a concesión dunha subvención directa segundo os artigos 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, articulada mediante o establecemento dun convenio de colaboración coa entidade Médicos do Mundo, para a realización dun programa de redución do dano en medio aberto, cun centro de día para a inclusión social e unha unidade de rúa, no ámbito territorial do entorno da rúa Pintor Colmeiro, en Vigo.

VIII. A lexislación aplicable a este tipo de axudas é a que se sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ó réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD. 887/2006, do 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

IX. O convenio contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

X. Por concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, propónse o aboamento dun 50% da cantidade á sinatura do convenio. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

XI. En relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais/drogodependencias como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e a actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a entidade «Médicos do Mundo» (CIF G-79408852), para o desenvolvemento dun programa de intervención sociosanitaria destinado a persoas drogodependentes en situación de exclusión social en Vigo – ano 2017.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 50.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01 - “Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo”- do orzamento vixente».

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIOSANITARIA DESTINADO A PERSOAS DROGODEPENDENTES EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL EN VIGO – ANO 2017»

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2017

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra,

D^a Inés Fernández de Córdoba Alonso, con DNI nº 9025232-D, presidenta da sede autonómica da entidade MEDICOS DO MUNDO en Galicia, con NIF G-79408852 e enderezo para os efectos de notificación en Vigo, na rúa Illas Baleares nº 15, baixo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a Inés Fernández de Córdoba Alonso, actuando en representación de MEDICOS DO MUNDO en Galicia, segundo resulta dos seus estatutos e do acordo da súa Asemblea xeral do 22.05.2015, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local ((Resolucións de datas 19.09.2011, 20.03.2013 e 11.03.2016).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- A entidade Médicos do Mundo é unha Organización Non Gubernamental (ONG) que traballa desde 1992 con colectivos en situación de exclusión social e, en Galicia, desde 1995 cun programa de achegamento (outreach) e de redución de danos para usuarios de drogas e persoas que exercen a prostitución. Médicos do Mundo iniciou en 2001 un proxecto de achegamento, redución de danos e sensibilización para usuarios de drogas no contorno da Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) CEDRO. Posteriormente, e baseándose na experiencia de Médicos do Mundo noutras cidades do Estado, foise estruturando na cidade de Vigo o CEntro de REducción de DANos (CEREDA).

O CEREDA está concebido como un centro de atención sociosanitaria para usuarios de drogas, dentro da filosofía de redución de danos, na que teñen cabida todas as intervencións dirixidas a minimizar os danos asociados ó consumo de drogas, a diminuir a marxinalidade do colectivo -favorecendo a súa integración- e á prevención do VIH/SIDA e outras enfermidades

transmisibles. A estratexia de intervención do CEREDA é de "baixo umbral", seguindo os principios de intervención humanitaria que moven a Médicos do Mundo en todas as súas áreas de traballo.

O CEREDA vai dirixido a persoas cun uso problemático das drogas, en grave situación de desarraigo e exclusión social, que viven na rúa, con alto nivel de cronicidade e exclusión e/ou con problemas de saúde, que rexeitan acceder a outros recursos. O seu obxectivo principal é facilitar a inclusión social das personas consumidoras de drogas involucrándoas no coidado da súa propia saúde, facilitándolles o acceso á rede sociosanitaria normalizada e reducindo os danos asociados ó consumo.

O CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo está concebido como un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas. As intervencións desenvólvense desde un dispositivo fixo, denominado "Centro de calor e café" e un equipo de rúa que se traslada a pé ás zonas quentes de consumo.

O interese para a cidade de Vigo de contar cun programa destas características, a través dunha estratexia de redución de riscos e danos, é que non só posibilita unha mellora sociosanitaria da poboación obxeto de intervención, senón tamén do contorno socio-comunitario onde se ubica.

Os grandes piares nos que se apoia este traballo son o traballo en rede, a coordinación interinstitucional, a intervención comunitaria e a implicación dos propios pares que traballan como axentes de saúde, así como das persoas voluntarias que participan desinteresadamente no programa.

As prestacións do CEREDA non pretenden substituír ás da rede sanitaria e de servizos sociais públicos. Para iso, o traballo ten dúas vertentes, unha dirixida á propia rede, consistente na eliminación das trabas e barreiras que dificultan a accesibilidade ós recursos, e outra liña de intervención cos propios/as usuarios/as facilitándolles a información e o asesoramento necesario para poder acceder ós recursos.

Estes dispositivos son un recurso necesario na cidade de Vigo, xa que aínda queda un volume considerable de poboación subsidiaria da atención ofertada. O número de usuarios/as atendidos/as nos dispositivos do CEREDA durante 2016 foi de 615 persoas.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro, LRSAL) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que "non se entenderá como exercicio de novas competencias", entre

outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III. A Resolución de 2 de febreiro de 2009, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se aprobou a Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016, mantíña que o éxito da política xeral sobre drogas require da cooperación das Administracións locais. Deste xeito, no seu Plan de Acción o obxectivo primeiro propoñía optimizar a coordinación e cooperación no marco do Estado español mediante, entre outras medidas, a potenciación da elaboración de plans municipais e supramunicipais coherentes coa Estratexia Nacional.

Máis especificamente, entre os obxectivos xerais, atópanse os de garantir unha asistencia de calidade e adaptada ás súas necesidades, a todas aquelas persoas directa ou indirectamente afectadas por consumo de drogas, reducir ou limitar os danos ocasionados á saúde das persoas que consumen drogas e, en xeral, os efectos sociais e sanitarios indesexables relacionados co seu uso, e facilitar a incorporación á sociedade das persoas en proceso de rehabilitación, a través de programas de formación integral e de preparación e inserción laboral. A nivel de diminución do risco e redución do dano, considérase necesario ampliar a cobertura de programas de rúa ou de contacto, acceso e detección precoz de problemas que afectan a grupos de poboación en situación de risco.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais, atópanse os de diminuír os riscos e reducir os danos para a saúde e o benestar derivados do consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, mellorar a cobertura asistencial dos trastornos aditivos e apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas en Rede de Tratamento de Condutas Aditivas e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración Xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos. Máis concretamente, se establece como unha liña estratéxica a diminución de riscos e redución de danos asociados ó uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ó consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de talleres sobre consumo de menos riscos e prácticas de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.

A carteira de servicios en materia de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas contempla a execución de programas de redución de danos e prevención indicada para drogodependentes, e especificamente os dirixidos á intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social.

IV. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, e mellorar a atención ós colectivos en situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, redución do dano e intervención en medio aberto.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, os convenios con outras administracións e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

V.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 50.000 €, a favor da asociación Médicos do Mundo.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo; un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas desde un dispositivo denominado "Centro de calor e café" e un equipo de rúa.

VII. Este convenio de colaboración contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

En base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representa esa actividade de Médicos do Mundo, as partes convenian a súa colaboración no ámbito da redución de danos e prevención indicada para drogodependentes e a concesión da referida subvención en base ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- A entidade Médicos do Mundo comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo en canto á realización da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas desde un dispositivo denominado "Centro de calor e café" e un equipo de rúa e, concretamente, a:

- Realizar a contratación do persoal técnico necesario para a correcta execución do Programa.
- Asumir a súa xestión xeral.
- Contribuir ó financiamento do custo restante do Programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos necesarios, detallados no orzamento do proxecto presentado.
- Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.
- Complimentar os procedementos que se determinen para o rexistro de indicadores de actividade no ámbito da xestión dos recursos que traballan coas persoas en exclusión social severa.

En xeral, a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á entidade Médicos do Mundo, unha subvención para o exercicio de 2017 por importe de 50.000€ co obxecto de coadjuvar ó financiamento da actividade do CEREDA en Vigo.

TERCEIRA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD.887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTA.- Polo período de VIXENCIA do convenio (2017), o Concello de Vigo, achegará a cantidade de 50.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01, do vixente exercicio.

Os pagamentos efectuaráanse do seguinte xeito:

- O 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pagamento anticipado por importe do 50% do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, de 21 de xullo, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 15 de novembro de 2017, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo funcionario responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incursa en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SEXTA.- No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e da Concellería de Política Social do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias e estará composta por dous representantes de Médicos do Mundo e dous técnicos do Concello, presidida pola Concelleira delegada de Política Social ou persoa en que delegue.

OITAVA.- A entidade Médicos do Mundo comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo, facéndose responsable dos danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

NOVENA.- A entidade Médicos do Mundo poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

DÉCIMA.- Médicos do Mundo comprométese a presentar antes do día 15 de novembro de 2017 a xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro xeral do Concello, con destino ós Servizos Sociais. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.**

–Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.

–Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

–Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ó corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do artigo 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2017.

DÉCIMO TERCEIRA.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O responsable técnico do programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO SÉTIMA.- Médicos do Mundo queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

5(284).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DECORACIÓN LUMINOSA DO NADAL. EXPTE. 4384/106.

Visto o informe xurídico do 24/03/17, e o informe de fiscalización do 31/03/17, dáse conta do informe proposta do 29/03/17, asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).

Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real decreto legislativo 3/2011.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 7 de febreiro de 2017 o concelleiro delegado do Servizo de Comercio acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar por procedemento aberto de servizos da decoración luminosa do Nadal, de xeito que se atopen instalados e operativos a partir do día 24 de novembro do 2017.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato de data 09 de marzo de 2017, asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais.*
- Resolución do concelleiro delegado de Comercio de data 7 de febreiro de 2017 pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.*
- Memoria xustificativa do contrato asinada polo xefe da Área de Servizos Xerais con data 9 de marzo de 2017 e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos con data 14 de marzo de 2017.*
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos o 16 de marzo de 2017.*
- Informe da xefa do Servizo de Contratación de data 16 de marzo de 2017 sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 24 de marzo de 2017.*
- Informe favorable ao expediente de contratación asinado pola letrada-xefa do Servizo de Asesoramento co conforme da titular da Asesoría Xurídica de data 24 de marzo de 2017.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art artigo 109.1 do texto refundido da LCSP iníciarase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro de Comercio en resolución de 7 de febreiro de 2017 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas, asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais, e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 109 do TRLCSP.

Cuarto.- : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, emitíuse pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo o día 24 de marzo de 2017 informe favorable ao expediente de contratación.

Quinto.- No artigo 109.3 e apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xunto co informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación (artigo 110.1 TRLCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Aprobar o gasto da campaña de Nadal 2017-2018 que se dispón da seguinte maneira:

-Campaña Nadal 2017-2018

O gasto repártese nas dúas anualidades que abrangue o período contractual da campaña do Nadal 2017-2018, imputando o 82,76% do importe ao ano 2017 e o 17,24% ao ano 2018. Deste xeito no exercicio 2017 establécese unha anualidade de 574.735,20 € (474.987,76 € de base imponible máis 99.747,44 de IVE) que se imputará ao crédito dispoñible na partida 4310.227990, do vixente orzamento de gasto, e na anualidade 2018 facturarase o importe de 119.764,80€ (98.979,17€ de base imponible máis 20.785,63 de IVE) imputable ao crédito futuro da mesma partida.

2º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto de servizos de decoración luminosa do Nadal dos elementos precisos para decorar as rúas, prazas e espazos públicos especificados no Anexo I do Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), asinado con data 16 de marzo de 2017, que rexen o concurso, coas especificacións técnicas que se indican nos Anexos II e III do referido prego de prescricións técnicas particulares, así como aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a

contratación da subministración por este procedemento asinado en data 24 de marzo de 2017.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(285).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3401/321.

Dáse conta da proposta de data 27/03/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de marzo de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación xuízo de valor	Puntuación a través de fórmula	Puntuación total
PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD, S.L.	7	75,85	82,85
SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.	11	54,21	65,21

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
173,6

Terceiro.- Requiritr ao citado licitador o aboamento de 1.719,89 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

7(286).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL LINDEIROS AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO. EXPTE. 4180/440.
Dáse conta da proposta de data 27/03/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de marzo de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4180-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da non admisión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2017, da empresa CONSERNOR, S.L. por non cumprir os requisitos de presentación da documentación esixidos no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 22 de marzo de 2017:

1. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
2. T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.
3. NEMESIO ORDOÑEZ S.A.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de

aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4180-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	MISTURAS, S.A.	96,21
2	EXTRACO, S.A.	95,67
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	95,29
4	HIDROMIÑO, S.L.	94,96
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	94,90
6	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	94,60
7	AVAN INTEGRAL, S.L.	94,58
8	C. D. INDEPO, S.L.	94,16
9	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,70
10	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	93,53
11	OGMIOS PROYECTO, S.L.	93,26
12	NAROM, S.L.	92,81
13	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	92,48
14	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,47
15	HORDESCON, S.L.	90,86
16	ORECO, S.A.	90,30
17	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	90,15
18	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	90,03
19	UTE ACEVI S.L. - ALVAC, S.A.	89,74
20	UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	89,71
21	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. - MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	88,58
22	UTE COPCISA, S.A. - ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	87,91
23	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	86,57
24	UTE IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L. - REYCONS, S.L.	85,60
25	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	70,35
26	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	56,55

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.036,16 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

8(287).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19840/240.

Dáse conta da proposta de data 3/04/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 3 de abril de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	PUNTOS TOTAIS
1	OH VIGO, S.L.	100
2	VIGO EVENTOS, S.L.	95,39
3	RESTAURACIÓN A-52, S.L.	94,01
4	UTE VIGO VIWES, S.L. e CONSER FOMENTO SERVICIOS, S.L.	93,6
5	CHURRERÍA BRÉTEMA, S.L.U.	93,58
6	ALEJANDRO LÓPEZ YEBRA	93,38
7	RESTAURATLANTIC 2016, S.L.	93,27
8	ATLÁNTICA DE HOSTELERÍA 2012, S.L.	85,69
9	MONTAS Y CREPPS, S.L.	85,69
10	DRINKS ATLANTIC, S.L.	82,41
11	ANA VÁZQUEZ GIL	53

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OH VIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

9(288).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “II DUATLON DE CARRETERA CIDADE DE VIGO”, O DOMINGO 9 DE ABRIL DE 2017. EXPTE. 15743/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 29/03/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica deportiva, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Club Triatlón Mar de Vigo, con CIF (G-27730597), solicitou o día 15-11-2016, a través do Rexistro Municipal (Doc.160154341), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: II DUATLON DE CARRETERA CIDADE DE VIGO*
- *Data: 9 de abril de 2017*
- *Horario: 9.30 a 14.30h*
- *Horario de montaxe e desmontaxe: 7.30 a 14.30h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 9 de abril de 2017; a proba comezará ás 9.30h, percorrendo a Avda de Samil, Avda. De Europa (ata o cruce de San Pelayo e Alcabre).

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Club Triatlón Mar de Vigo, con CIF (G-27730597), a organizar o vindeiro domingo 9 de abril de 2017, a proba deportiva denominada II DUATLÓN DE CARRETERA CIDADE DE VIGO, esta proba deportiva comezará ás 9.30h e rematará ás 14.00, co seguinte percorrido: Avda de Samil, Avda de Europa (ata o cruce de San Pelayo-Alcabre).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(289).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA "XVIII VIGOBIKECONTEST MARATÓN BTT/TRANSGALAICA, O 9 DE ABRIL DE 2017. EXPTE. 15741/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 3/04/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica deportiva, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Singletrack Outdoor Sports, con CIF (G-36850378), solicitou o día 18-11-2016, a través do Rexistro Municipal (Doc.160156670), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XVIII VIGOBIKECONTEST MARATON BTT/TRANSGALICIA
- Data: 9 de abril de 2017
- Horario: 9.30 a 14.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 9 de abril de 2017; a proba comezará ás 9.30h, e terá a súa saída dende o Camiño da Devesa (fronte a AA.VV. De Candeán), para continuar con corte de tráfico no Camiño Devesa cara os campos de fútbol de A Madroa, Subida a Madroa diante dos campos de fútbol ata a rotonda para continuar

cara o Camiño Monte Vixiador onde abandonan a calzada regresando o punto de partida cruzando a calzada no Cmiño Devesa próximo ao aparcadoiro de saída.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Singletrack Outdoor Sports con CIF (G36850378), a organizar o vindeiro domingo 9 de abril de 2017, a proba deportiva denominada XVIII VIGOBIKECONTEST MARATON BTT/TRANSGALICIA esta proba deportiva comezará ás 9.30h e terá a súa saída dende o Camiño da Devesa (fronte a AA.VV. De Candeán), para continuar con corte de tráfico no Cmiño Devesa cara os campos de fútbol de A Madroa, Subida a Madroa diante dos campos de fútbol ata a rotonda para continuar cara o Camiño Monte Vixiador onde abandonan a calzada regresando o punto de partida cruzando a calzada no Cmiño Devesa próximo ao aparcadoiro de saída.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(290).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/1017. EXPTE. 15849/333.

Visto o informe de fiscalización do 22/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 31/03/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, o concelleiro-delegado de deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 15849/333 sobre a proposta de subvención a favor da entidade deportiva S.D. Carballal en base o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade considerada de elite na tempada deportiva 2016-2017, e tendo en conta o informe de intervención de data 22 de Marzo de 2017, procede informar, sobre as consideracións detalladas no dito informe, atendendo ás observacións realizadas no mesmo e que a continuación se detallan:

- *Con data 22/03/2017 detectouse un erro na aplicación orzamentaria aprobada, 3410.4890003.
Polo anterior, estímase procedente que o servizo xestor propoña á Xunta de Goberno Local a corrección do erro, considerando que a aplicación orzamentaria correcta é a 3410.4800003.*

Por todo o exposto, procedeuse á substitución da aplicación orzamentaria 3410.4890003 pola 3410.480.00.03 na proposta, polo que a mesma queda reformulada como segue:

I.- Antecedentes:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Asociación Deportiva Carballal polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2016/2017.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Asociación Deportiva Carballal conta cun equipo de elite na modalidade de balonmán na categoría División de Honor Prata Feminino. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honor Prata Feminino hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2016/2017, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Asociación Deportiva Carballal e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Asociación Deportiva Carballal para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a

normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrência dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Asociación Deportiva Carballal durante a tempada deportiva 2016/2017, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Asociación Deportiva Carballal para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría División de Honor Prata Feminina na tempada deportiva 2016/2017 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2017.

13(292).- CONTA XUSTIFICATIVA DA AULA DA UNED VIGO, ANO 2016. EXPTE. 18608/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 3/04/17, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira delegada de dito Servizo e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 15 de febreiro de 2017 o Técnico de actividades culturais e educativas emite o seguinte INFORME:

“En escrito de data 06/01/2017 (registro saída UNED num 19) (recibido Rexistro Concello 09/02/2017 Num Doc. 170018382), o xefe de Negociado de Asuntos Económicos da UNED en Pontevedra, remite a este Concello --en cumprimento da estipulación décimo terceira, décimo terceira bis (adenda expte. 15472/332) e décimo quinta do Convenio asinado o 8/11/2012 entre esa entidade e o Concello de Vigo (ref. Expte 11959/332 e 15472/332)-- a **conta xustificativa** das aportacións realizadas polo Concello de Vigo no ano 2016 prevista nas estipulacións citadas.

En relación con esta conta xustificativa, elabórase o seguinte informe:

Antecedentes:

- *Bases do Convenio entre a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Concello de Vigo para a creación dunha aula de ensino superior a distancia da UNED (expte.11959/332).*
- *Creación dunha aula universitaria da UNED en VIGO, en relación coa resolución da XUNTA REITORA DO PATRONATO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN PONTEVEDRA (expte. 11959/332).*
- *Proxecto de Convenio entre o Concello de Vigo e a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED en Pontevedra para a creación en Vigo dunha aula de ensino superior a distancia (expte.11959/332).*
- *Modificación do acordo da XGL do 7.09.12 aprobación do texto modificado do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED, aprobación do gasto Expte. 11959/332.*

- Asíñase o convenio entre o Padroado do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Excmo.Concello de Vigo para creación da aula e posta en funcionamento (Expte. 11959/332)
- Apertura do Centro ao alumnado
- Aprobación pola Xunta de Goberno Local adenda ao Convenio entre o Patronato de UNED e o Concello de Vigo: creación de graos universitarios (expte. 15472/332)
- Asíñase a adenda ao convenio entre o Padroado do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Excmo.Concello de Vigo para a implementación e financiamento de graos universitarios na Aula UNED Vigo
- Expte. 17054/332 Nova ampliación graos universitarios na Aula UNED de Vigo e aprobación do gasto correspondente. Acordo XGL de 04/11/2016
- Expediente 18344/332 Pagamento convenio Concello/UNED exercizo de 2016

Nas estipulacións 11º e 13ª, 13ª bis e 15ª do Convenio indícase:

11ª) A achega económica do Concello ao presuposto do Centro Asociado farase efectiva por semestres anticipados. O incumprimento desta cláusula será motivo de resolución do presente Convenio sen necesidade de previa denuncia.

13ª) "Corresponderá ao Centro Asociado á UNED en Pontevedra a selección, e pagamento do profesorado-titor e do/a coordinadora/a, se é o caso. Para esta finalidade, o Concello transferirá ao Centro Asociado á UNED en Pontevedra anualmente a cantidade de 39.858,80 euros correspondente á totalidade dos gastos correspondentes a este capítulo. Esta cantidade será actualizada anualmente conforme aos incrementos de IPC que se produzan. As eventuais modificacións no número de profesores-titores iniciais, serán propostas polo Centro Asociado á UNED en Pontevedra ao Concello de Vigo. De ser aprobada polo órgano competente do Concello de Vigo esta modificación, farase a modificación equivalente na contía da transferencia. O Concello transferirá ao Centro Asociado á UNED en Pontevedra, así mesmo, a cantidade necesaria para os gastos de material funxible de oficina, así como para outros gastos varios para o seu normal funcionamento, por un importe anual de 13.500,00 euros, así mesmo modificable anualmente en función do incremento do IPC, ou por acordo expreso entre as partes."

13ªbis) "Para a implantación progresiva dos graos citados, o Concello transferirá ao Centro Asociado da UNED en Pontevedra anualmente --a maiores da cantidade indicada na cláusula 13ª para a implantación do curso de Acceso a Maiores previsto na estipulación 3ª do Convenio-- as cantidades (nas anualidades) estimadas no seguinte cadro:

Grao/Año	2014	2015	2016	2017	2018
Custo Titoría					
Dereito	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Educación Social	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Enxeñería informática	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Enxeñería en tecnoloxías da Información	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Turismo	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Total custo titorías	6.976,25	30.230,25	53.484,25	76.738,25	93.016,00
Bibliografía	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00

TOTAL todos os Graos	11.976,25	35.230,25	58.484,25	81.738,25	98.016,00

15ª) "Xustificación da achega municipal: Conta xustificativa final. Dentro do primeiro trimestre de cada ano, deberá presentarse por parte do Centro Asociado á UNED en Pontevedra UNED a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outros recursos que, se é o caso, financiaran tamén a Aula da UNED en Vigo.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pagamento.

Documentación xustificativa

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Serán gastos elixibles os que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades financiadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada ano de vixencia do Convenio.

Cando o gasto singularizado exceda dos 18.000 euros no caso de subministros ou servizos, a UNED deberá solicitar tres ofertas, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións, cuestión esta que deberá ser motivada."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 04/11/2016 aprobou o cadro financeiro resultante da suma dos distintos compromisos derivados dos acordos tomados dende a sinatura do convenio coa progresiva implantación de novos grados:

Terceiro.- Aprobar o seguinte cadro financeiro de transferencias á UNED no período 2016-2020, correspondente aos custos estimados da Aula UNED Vigo nos conceptos de coordinación, titorías e materiais dos cursos de acceso, dos grados aprobados no curso 2014-2015 e dos grados aprobados para o seu inicio no curso 2016-2017:

GRADO	ANO	2016	2017	2018	2019	2020
Ciencias ambientais		1.674,27	7.813,26	13.394,16	16.742,70	10.045,62
Estudos ingleses		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
Psicoloxía		1.674,27	7.813,26	13.394,16	18.975,06	13.394,16
Admon. E Dirección Empresas		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
Pedagoxía		0,00	1.488,24	5.208,84	7.441,20	4.464,72

Xeografía e Historia		558,09	3.348,54	7.069,14	10.045,62	6.697,08
Historia da Arte		1.116,18	5.208,84	8.929,44	11.161,80	6.697,08
Ciencia política e da Administración		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
Bibliografía		8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00
TOTAL NOVOS GRADOS 2016-2020 TITORÍAS E COORD. CURSO ACCE-SO		18.045,62	54.879,56	88.364,96	111.432,68	72.738,44
MATERIAL E BIBLIO CURSO ACCE-SO		37.858,00				
BIBLIOGRAFÍA GRADOS ADENDA		10.500,00				
TITORÍAS GRADOS ADENDA		5.000,00				
TOTAL FINAL A CONSIGNAR		124.887,87	54.879,56	88.364,96	111.432,68	72.738,44

A cantidade pagada á UNED (un só pagamento) durante no ano 2016 foi a seguinte:

CONCEPTO	EUROS
Aportación á UNED CONVENIO (expte 11959/332)- titores acceso	37.858,80
Aportación á UNED CONVENIO (expte 11959/332)- materiais	10.500,00
Aportación á UNED adenda 1 CONVENIO (expte 15472/332)- TITORES GRADOS +biblio	58.484,25
Aportación á UNED ampliación de grados (expte 17054/332) -Titores + biblio	18.045,62
TOTAL PARCIAL 2016	124.888,67
DESCONTO xustificación anualidade 2015 (expte. 17684/332)	-27.605,56
TOTAL RESULTANTE PERCIBIDO POLA UNED ANO 2016 (expte.18344/332)	97.283,11

XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO 2016:

Na conta xustificativa presentada polo Centro Asociado de Pontevedra da UNED, constan os seguintes gastos efectivos durante o ano 2016:

	Concepto	Euros xustificación	Concepto en relación co Convenio
1	Coordinación da Aula	4.848,00	Coordinación
2	Becas colaboración (titores acceso)	32.352,56	Profesorado-titor
3	Becas colaboración (titores grados)	63.836,01	Profesorado-titor
6	Material bibliográfico	10.867,53	Outros gastos material
7	Material funxible	367,16	Material funxible
8	SUBTOTAL DOCENCIA 1+2+3	101.036,57	
10	SUBTOTAL Material 6+7	11.234,69	
11	TOTAL XERAL	112.271,26	

En relación coa documentación presentada pola UNED na Conta Xustificativa, fanse as seguintes consideracións:

- a) Apórtase unha memoria das actividades realizadas, que se corresponden coas acordadas en Convenio

- b) Os gastos realizados se corresponden coa documentación xustificativa presentada, que consta de:
- Relacións mensuais dos profesores-titores que impartiron as clases correspondentes ao curso de acceso e da coordinadora da Aula, coa carta de pagamento e documentación de transferencias de Banca electrónica ás contas correntes dos beneficiarios.
 - Facturas de provedores de material funxible e bibliográfico cos correspondnetes xustificantes bancarios de pagamento.
- c) Dentro da documentación xustificativa do apartado "Gastos de material fungible de oficina", inclúense gastos por conceptos que, a xuízo do técnico que asina, non se corresponden co epígrafe, ao tratarse de material inventariable que correspondería **con gastos de investimentos, non elixibles conforme ao disposto no Convenio vixente:**

FAC NUM	DATA	PROVEEDOR	CONCEPTO	EUROS CON IVE
0196/16	22/02/16	MEGAVEDRA	Webcam Logitech C920	95,90
0196/16	22/02/16	MEGAVEDRA	Comunicator C100 MOC (*)	121,00
TOTAL				216,90

(*) Terminal de audioconferencia

Xa que logo --e de aceptarse este criterio por parte da Intervención xeral do Concello que fiscaliza o presente expediente--, aos gastos de material funxible de oficina declarados pola UNED, débenselle restar 216,90 euros que se corresponden con gastos non elixibles -tal e como se reflicte no cadro anterior--. En consecuencia o **cadro xustificativo FINAL** quedaría do seguinte xeito:

	Concepto	Euros xustificación	Concepto en relación co Convenio
1	Coordinación da Aula	4.848,00	Coordinación
2	Becas colaboración (titores acceso)	32.352,56	Profesorado-titor
3	Becas colaboración (titores grados)	63.836,01	Profesorado-titor
6	Material bibliográfico	10.867,53	Outros gastos material
7	Material funxible	150,26	Material funxible
8	SUBTOTAL DOCENCIA 1+2+3	101.036,57	
10	SUBTOTAL Material 6+7	11.017,79	
11	TOTAL XERAL	112.054,36	

Da revisión realizada sobre a conta xustificativa resultaría a seguinte cantidade a compensar ou reintegrar pola UNED:

Pagado 2016*	Xustificado	A Reintegrar/Compensar pola UNED
124.888,67 €	112.054,36 €	12.834,31 €

*Suma desconto xustificación anualidade 2015 + efectivamente pagado en 2016

En consecuencia, vista a documentación aportada pola UNED e o anteriormente expresado , infórmase favorablemente a conta xustificativa, coa excepción do cargo do gasto de 216,90 € de materiais inventariables que se consideran non elixibles dentro do convenio vixente.

A xefa do Servizo de Fiscalización en data 06/03/2017 fiscaliza o expediente de conformidade, corrixíndose o cadro financeiro conforme as observacións contidas no informe de fiscalización.

Previo á aprobación, se procede, pola Xunta Local de Goberno da Conta xustificativa, remitirase a proposta á UNED para a presentación das alegacións que considere oportunas, sinalándolle que, de sé-lo caso e resultarlle un saldo negativo, as opcións que lle poden corresponder son: a aportación de novos xustificantes que sexan adecuados ao obxecto do Convenio e ao período subvencionable, a posibilidade de reintegro polo exceso non xustificable ou o desconto nas aportacións municipais ao convenio no exercizo do ano 2017. Unha vez resoltas estas, e tras novo informe de fiscalización, someterase a proposta á aprobación, se procede, do órgano competente."

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, elévase a Xunta de Goberno Local o seguinte:

PROPOSTA

1. Considerar como non elixible o gasto de 216,90 € de materiais inventariables incluído na conta xustificativa remitida pola UNED baixo o epígrafe "Gastos de material fungible de oficina".
2. Considerar como gastos xustificables, por un total de 112.054,36 €, os seguintes:

	Concepto	Euros xustificación	Concepto en relación co Convenio
1	Coordinación da Aula	4.848,00	Coordinación
2	Becas colaboración (titores acceso)	32.352,56	Profesorado-titor
3	Becas colaboración (titores grados)	63.836,01	Profesorado-titor
6	Material bibliográfico	10.867,53	Outros gastos material
7	Material funxible	150,26	Material funxible
8	SUBTOTAL DOCENCIA 1+2+3	101.036,57	
10	SUBTOTAL Material 6+7	11.017,79	
11	TOTAL XERAL	112.054,36	

En consecuencia, deberase reintegrar ao Concello de Vigo ou compensar por parte da UNED a cantidade de 12.834,31 €, conforme ao seguinte cadro:

Pagado 2016*	Xustificado	A Reintegrar/Compensar pola UNED
124.888,67 €	112.054,36 €	12.834,31 €

2. *Suma desconto xustificación anualidade 2015 + efectivamente pagado en 2016

3. Notificar á UNED os extremos contidos no presente informe-proposta, para a presentación das alegacións que considere oportunas, sinalándolle que, de sé-lo caso e resultarlle un saldo negativo, as opcións que lle poden corresponder son: a aportación de novos xustificantes que sexan adecuados ao obxecto do Convenio e ao período subvencionable, a posibilidade de reintegro polo exceso non xustificado ou o desconto nas aportacións municipais ao convenio no exercizo do ano 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(293).- PROXECTO DE CONVENIO COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA O ANO 2017. EXPTE. 18627/332.

Visto o informe de fiscalización do 24/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 21/03/17, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa do Servizo de Educación, a concelleira de dito servizo e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e Art. 80.1 e Art. 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA), recollen que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

Na redacción contida na Lei 27/2013 do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) (BOE nº 312 do 30/12/2013), dispónse como competencias municipais propias, entre outras, que exercerán as administracións locais nas distintas materias as seguintes:

- 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.
- 25.2.j) Protección da salubridade pública.
- 25.2.l) Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.
- 25.2.m) Promoción da cultura.

Igualmente na reforma lexislativa introducida pola Lei 27/2013 LRSAL en vigor desde o 31/12/2013, recóllese un marco normativo temporal na súa Disposición adicional decimoquinta respecto á “asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas á educación”, que estará condicionada polo establecemento das normas reguladoras do novo sistema de financiación autonómico e de facendas locais, e que contemplará a normativa específica para o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais”.

A Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, publicada no DOGA o día 30/05/2014, que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece na súa Disposición adicional primeira que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación, ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

A participación dos diversos axentes que conforman a actividade educativa é un dereito e un deber cidadán que o Concello de Vigo, en orde ás competencias que lle son propias, articula a través da suscripción dun convenio de colaboración coa FOAN-PA, que é a federación das ANPAS imprantadas nos centros públicos de ensino de Vigo de responsabilidade municipal.

O convenio obxecto do expediente é un convenio de colaboración dos que, con carácter xeral e ao abeiro dos artigos 25 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, 88.1 LRXPA e 111 TRRL –no que ás entidades locais especificamente se refire—, poden celebrar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados. O Concello de Vigo ostenta competencias para a realización das actividades ás que se refire o convenio para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeiro orde nun intre no que motivado pola crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación sana e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén para a realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares nas que se promoven o exercizo físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares e das familias no seu conxunto.

Respecto do servizo de comedores, cómpre ter en conta as previsións recollidas no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia educativa; que regula no artigo 2.1 que as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións poden xestionar os comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.

Igualmente, a Lei 38/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos e cultural. O artigo 8 desta Lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Porén, toda vez que entre os obxectivos da FOANPA están os que son obxecto deste convenio, óptase por subscribir este convenio de colaboración con esta entidade, no que se definen as recíprocas prestacións de ambas as dúas partes que, no que se refire ao Concello, son principalmente de carácter económico e concrétese, fundamentalmente, na concesión a dita entidade dunha cantidade de diñeiro co obxecto de coadjuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación, no ano 2017 .

O proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Foanpa, supón unha actividade de continuidade na sinatura do mesmo, xa que leva desenvolvéndose de xeito ininterrompido en exercizos anteriores dende hai máis de trece anos, para atender as tarefas anteriormente expostas, e dita entidade ten presentado a través do rexistro municipal en data 22/02/2017 e co nº de doc. 170026226 a documentación necesaria e que se adxunta ao presente expediente, para iniciar a tramitación do convenio correspondente ao ano actual.

O obxecto deste convenio non está comprendido nos contratos regulados no Real Decreto Lexislativo 3/2011 , polo que, dacordo co disposto no art. 4 de dita norma, o convenio que nos ocupa queda fóra do seu ámbito e se rexerá polas súas normas especiais.

Toda vez que o convenio prevé unha disposición dineraria por parte do Concello de Vigo a favor da FOANPA, sen contraprestación directa desta, suxeita ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social – xestión de comedores, actividades extraescolares, formación de ANPAS e gastos de xestión da Federación- co cumprimento das obrigas pactadas no convenio, estamos en presenza da concesión directa dunha subvención á FOANPA por convenio que se rexe pola lei galega 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións (D.O.G.A. 121 do 25 de xuño do 2007). O artigo 5.2, da lei de subvencións establece que a xestión das subvencións se realizará de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, sinalando o artigo 19 que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitaráse en réxime de concorrencia competitiva. Non obstante, o artigo 19.4 establece que poderán concederse directamente as subvencións previstas nominativamente nos presupostos das entidades locais co crédito adecuado e suficiente para a súa concesión, neste caso e conforme ás instrucións da Concelleira de Educación, con cargo á partida 3260.489.00.01 “Convenio Foanpa” que conta cunha dotación de 606.039,31.-€, pertencente ao orzamento municipal de 2017.

Este financiamento municipal para a prestación do servizo de comedor é complementario coas “axudas municipais escolares de libros e comedor” que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

A ausencia de convocatoria pública e/ou concorrencia ven motivada porque todas as posibles beneficiarias desta subvención, é dicir, todas as Anpas legalmente constituídas dos centros de ensino público de infantil e primaria da nosa cidade, están integradas na FOANPA sendo esta última a única federación de Anpas públicas legalmente constituída na nosa cidade, e polo tanto con capacidade lexítima para asumir a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da referida subvención.

Recóllese no pacto segundo da proposta de convenio un pago anticipado á favor da Foanpa con carácter previo á xustificación, que ven motivado pola necesidade desta entidade de dispor de liquidez económica para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas: Coadxugar na financiación dos gastos de funcionamento e xestión da Foanpa, contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedor das Anpas de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2017. Non se considera necesario por parte deste Servizo Municipal de Educación, explicitar e fixar no convenio proposto ningún réxime de garantías dos fondos anticipados entregados, en virtude dos antecedentes satisfactorios e froitíferos dunha colaboración consolidada que veñen mantendo dende fai tempo o Concello de Vigo a través do Servizo de Educación coa Foanpa. Esta última ven actuando con acreditada solvencia, como recoñecida interlocutora co Concello da meirande parte das Anpas dos centros de ensino público legalmente constituídas que están integradas na Federación e a vontade de colaboración tamén queda constatada coa cesión dun local municipal no Instituto Municipal de Educación (IME) que lle permite á Foanpa un axeitado desenvolvemento das súas funcións.

Para comprobar a adecuada xustificación da subvención, a óptima realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma, ademais da obrigada presentación por parte da Foanpa dunha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do convenio, o Pacto duodécimo contempla a necesaria emisión dun informe técnico ao respecto. Por elo, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a Foanpa, o servizo municipal de educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e polo tanto a procedencia do seu pago.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación do convenio e con carácter previo a esta a aprobación do gasto segundo o artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións.

Achégase o texto proposto para que, tras o preceptivo informe da Intervención municipal se someta á consideración da Xunta de Goberno Local:

“1º.- Aprobar a concesión directa da subvención de 606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS) a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPA (CIF: G-36.743.946), para contribuir ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2017; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.00.01 (Convenio FOANPA) que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o texto do proxecto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPA) para o ano 2017, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para contribuir ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2017, e que de deseguido se dí:

“PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA O ANO 2017”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

Doutra, dona M^a Carmen Rivas Corbacho, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Camiño do Chouzo nº 2, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente núm. 18627-332.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuíto e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan rela-

ción co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.

Para posibilitar a participación real das ANPA é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.

II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.

A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperación entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos

Polo tanto, a LOE e a LOMCE recollen esta necesidade e recomendación, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre por elo a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xorder no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

III.- Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

IV.- Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2017, na súa partida 3260.489.00.01 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 606.039,31.-€, a favor da Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) . O financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas “axudas municipais escolares de libros e comedor” que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

V.- Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPA e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2017.

VI.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran neste expediente núm. 18627-332.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), o Concello de Vigo e a FOANPA conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que éste ten creados para o desenvolvemento da súa acción educativa, cultural e deportiva.

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global das actuacións que está a levar o Concello en materia educativa, cultural e deportiva e das inxerencias e propostas destes colectivos.

O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.

A Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

- 1 Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.

- 2 *Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.*
- 3 *Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPA de ensino infantil e primario federadas na FOANPA.*
- 4 *Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.*
- 5 *Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, a programación educativa, cultural e deportiva, prevista desenvolver ao longo da anualidade de vixencia do convenio.*
- 6 *Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.*
- 7 *Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.*
- 8 *En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. *Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), unha subvención por importe de 606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS) pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionada:*
 - *PRIMEIRO PAGO: anticipado por importe de 200.000,00.-€ coa asinatura do convenio e antes do 30 de maio.*
 - *SEGUNDO PAGO: por importe de 203.019,65.-€ a fin de curso e antes do 30 de xullo, e*
 - *TERCEIRO PAGO: por importe de 203.019,66.-€, á presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.*
2. *O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na pranta baixa do Instituto Municipal de Educación (IME), rúa camiño do Chouzo núm. 2, que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación. A utilización deste local realizase en precario e o Concello de Vigo poderá recuperalo en calquera momento sempre que o interese público o requira, polo que se adecúa ao previsto no Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais.*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FOANPA deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- A FOANPA xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores en cada centro de ensino público de Vigo, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.

Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

A Foanpa e Anpas asociadas no que respecta á contratación dos/as monitores/as necesarios/as para o desenvolvemento das actividades subvencionadas, deberán ter en conta á normativa legal vixente de protección xurídica do menor, que obriga a achegar certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais en todas aquelas actividades que impliquen contacto habitual con menores.

Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades, son de plena responsabilidade da Foanpa, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.

Quinto.- O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, e para a tramitación do mesmo a Foanpa deberá achegar previamente a correspondente declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias recollidas no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións, igualmente será necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abono á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.

A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercizo económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de

facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 2.776.509,00.- euros (78.000,00.-€ dos gastos anuais de xestión da Foanpa, 1.000.764,00.-€ dos gastos das actividades extraescolares e talleres matinais e 1.697.745,00.-€ dos gastos de comedores escolares).

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse íntegramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Asimesmo, a FOANPA, a través de calquera que sexa o medio de difusión, adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento municipal, comprometéndose a que na difusión das actividades, na edición de materiais gráficos, na páxina web, nas presentacións públicas e nos soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre as actividades obxecto do presente convenio, conste a colaboración explícita do Concello de Vigo.

Oitavo.- Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPA deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Noveno.- O presente convenio estenderá o seu período de vixencia dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable. Polo tanto, serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Décimo.- O convenio non atribúe á FOANPA a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAS integradas na federación, senón que esta —a Federación— é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAS que a integran. Polo tanto FOANPA distribuirá a subvención entre as distintas ANPAS que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAS ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.

Décimo primeiro.- Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguemento que realizará o control e seguemento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, a Xefa do Servizo de Educación, un Técnico do Servizo de Educación do Concello de Vigo que actuará de Secretario, e presidida pola Concelleira de Educación.

En calquera caso, as ANPAS beneficiarias das subvencións comprométese a remitir cuberto á FOANPA, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2017, o formulario contido no anexo I do convenio para a realización de actividades extraescolares e taller matinal, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguemento do convenio.

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por elo, xunta a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPA, o servizo municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos documentos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

Décimo terceiro.- A FOANPA deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a FOANPA no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo sexto.- A FOANPA está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Educación.

A FOANPA poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeráse polo estipulado neste, aplicándose os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

E, en proba da súa conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(294).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL “SAUDEPET” PARA A SÚA PRESENTACIÓN AO PROGRAMA DE INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO (ILES) DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. EXPTE. 13971/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, do 27/03/17, conformado polo concelleiro de Emprego, que di o seguinte:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado “Iniciativas Locais de Emprego” (ILEs), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial [SaudePet](#) con enderezo en Vigo, promovido e presentado por Doña Denise Caamaño Gómez, en calidade de promotora, por acadar as seguintes características:

O proxecto empresarial “SaudePet” é innovador na área de Vigo e consiste no establecemento dun negocio integral de servizos e produtos para mascotas (perros, gatos e animais exóticos como cobayas), integrando as seguintes actividades:

- Tenda de alimentación animal (gamas fisiológica e dietética) e venda de produtos zoonutrición para mascotas.
- Perruquería canina: saúde e hixiene para o coidado das mascotas.
- Autolavado para mascotas.

“SAUDEPET” é unha iniciativa empresarial innovadora que pretende ofrecer varios servizos ó cliente nun mesmo espazo: alimentación, perruquería, autolavado canino e servizo de venda de medicamentos.

A empresa precisa dun investimento inicial de 30.000 € para a posta en marcha sendo a financiación recursos propios do promotor e polo tanto, sen financiación allea.

O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILEs, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.

Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.

Tras analizarlo proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Economía, Emprego e Industria e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Promover ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado "SaudePet" promovida por Doña Denise Caamaño Gómez, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(295).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO "NOVOS VIGUESES POLO EMPRENDEMENTO" E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN INCYDE. EXPTE. 13975/77.

Visto o informe xurídico do 29/03/17, e o informe de fiscalización do 31/03/17, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 27/03/17, conformado polo concelleiro de Emprego, que di o seguinte:

A Fundación INCYDE, ven de publicar pola que se aproba unha convocatoria de "ITINERARIOS DE EMPRENDIMIENTO JUVENIL. CONVOCATORIA 2017 GALICIA", por importe de 2.000.000,00 e que remata o prazo de presentación de solicitudes o 06/04/2017, destinadas á integración sustentable de persoas novas no mercado de traballo, no contexto do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil".

A convocatoria ten por obxectivo "a redución do desemprego xuvenil constitúe un de os retos máis importantes na actualidade. Por esa razón, en España contamos cun Programa Operativo de Emprego Xuvenil cofinanciado por o Fondo Social Europeo para o período 2014-2020.

A Fundación INCYDE participa a través do Programa de Itinerarios de Emprendimiento Xuvenil (PIEJ), que ten como obxectivo incorporar ao mercadolaboral pola vía do emprendemento a mozos de toda España non ocupados e non integrados en os sistemas de educación ou formación. Por tanto, apoiarase e acompañará a estas persoas en sou transición desde a súa situación actual de desemprego ata a actividade laboral.

Esta convocatoria finánciada o Fondo Social Europeo (FSE), que é o instrumento financeiro de a Unión Europea máis importante para a promoción do emprego. Apoia as políticas e prioridades destinadas a alcanzar o pleno emprego e a mellorar a calidade e a produtividade en o traballo, a mobilidade xeográfica e profesional de os traballadores de a Unión, os sistemas de educación e formación así como a inclusión social, contribuíndo deste xeito a fomentar a cohesión territorial, económica e social".

Baixo a presente convocatoria de axudas da Fundación INCYDE financiada polo FSE, o Concello de Vigo propón a posta en marcha do proxecto denominado "NOVOS VIGUESES POLO EMPRENDEMENTO (EMPRENVIG)" e que ten como finalidade responder as necesidades xeradoras de autoemprego no Municipio de Vigo e favorecer a integración sustentable das persoas novas do Municipio de Vigo no mercado de traballo.

Como se acaba de sinalar, as necesidades que se pretenden cubrir están relacionadas coa mellora da situación sociolaboral dos/as novos do Municipio de Vigo, aínda que de forma particular teranse en conta aqueles/as que teñan especial interese na creación do seu propio posto de traballo.

A proposta de Concello de Vigo, céntrase en medidas dirixidas exclusivamente a fomentar o espírito emprendedor, que ofrezan posibilidades reais de iniciar proxectos profesionais e iniciarse na vida laboral. Ademais realizarase o seguimento da posta en marcha daqueles mozos que inicien actividades empresariais ou profesionais, no conxunto do programa. Estas medidas están dirixidas ao conxunto de mozos de Vigo e provincia menores de 30 anos que non están integrados nos sistemas de educación nin formación, con independencia do seu nivel formativo, así como aqueles desfavorecidos que poden estar en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social, e sen excluír outros colectivos que poidan ser considerados como prioritarios.

As medidas de actuación presentadas para esta convocatoria e recollidas na proposta de Concello de Vigo, incidirán ao 100% sobre o obxectivo específico 8.2.3 de Aumentar o emprendemento das persoas novas non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación como vía de acceso ao mercado laboral a través da creación de empresas

O proxecto "NOVOS VIGUESES POLO EMPRENDEMENTO" que se solicita estará dirixido a mozos (maiores de 16 anos e menores de 30 anos) do Municipio de Vigo e que estean rexistrados no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Terán preferencia para a participación no proxecto o que pertenza a algún dos seguintes perfís: mulleres, mozas con discapacidade, poboación inmigrante e/ou parados de longa duración.

"EMPRENVIG", é un programa dirixido a mozos menores de 30 anos, non ocupados e non integrados nos sistemas de educación ou formación, que estean rexistrados no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil de Vigo.

O proceso de destrución de emprego que se iniciou en España en 2007 incidiu de forma especialmente negativa na taxa de desemprego xuvenil que supera o 35% en 2015 segundo os datos da EPA e é aínda maior no tramo entre 16 anos e 24 que supera o 46%. Estas cifras supoñen un grave problema xa que supón unha desconexión dos mozos co mundo laboral que lles pode levar a unha exclusión social a longo prazo.

Ademais España presenta unha das maiores taxas de mozas de entre 16 e 25 anos que non estudan nin traballan, e entre os maiores de 25 a porcentaxe de titulados superiores é moi

superior ao do resto da Unión Europea, cunha baixa porcentaxe de mozas que teñen estudos profesionais de grao medio.

Como elemento esencial de apoio do equipo técnico do proxecto, utilizarase un **sistema integral de xestión** (do que xa dispón o Concello de Vigo), no que se irán anotando todas as actuacións que se realicen cos/as usuarios/as do proxecto, e á cal accederán os responsables das actuacións mediante unha clave.

EMPRENVIG é unha proposta de intervención integral e innovadora que se organiza na implementación de 7 fases de proxecto:

Fase 1. Dar a coñecer o programa entre o grupo de mozos destinatarios do programa (fase transversal).

Fase 2. Adhesión e acollida, para ter coñecemento máis profundo dos mozos, realizar o plan personalizado de cada un deles (obxectivos, contidos, actividades?) e poder realizar grupos adecuados para a formación.

Fase 3. Formación individual.

Fase 4. Formación grupal, en grupos que fomente a adquisición de coñecementos e a aprendizaxe tendo en conta a diversidade dos colectivos participantes no programa e as súas características propias.

Fase 5. Estancias en Start-ups e empresas de recente creación, para coñecer o día a día do emprendedor.

Fase 6. Asesoramento personalizado e posta en marcha da idea de negocio. Para aqueles mozos que queiran montar a súa empresa.

Fase 7. Mentoring e networking, para poder dar resposta ás dúbidas e realizar acompañamento aos mozos nos primeiros contactos con provedores, clientes e outros grupos de interese para o emprendedor. Estas sesións basearanse na metodoloxía de coaching entre pares (peer-to-peer approach).

Prazos de duración do proxecto.

O cronograma estimado das actuacións do proxecto é o que se indica a continuación, iniciándose a actividade do proxecto o 1 de setembro de 2017 e discorrendo ata o 31 de abril de 2018.

Presuposto do proxecto.

Custo de persoal	61.140,23 €
Viaxes e aloxamento	1.088,00 €
Contratación externa	125.100,00 €
Gastos xerais	9.171,03 €
Total	196.499,26 e

Orzamento por tipoloxía e fonte de financiamento

<u>Tipo de gasto</u>	<u>Custo total</u>	<u>%</u>	<u>FSE</u>	<u>Cofinanciación</u>
1. Custos de persoal	61.140,23 €	(31.11%)	56.181,76 €	4.958,47 €
2. Viaxes e aloxamento	1.088,00 €	(0.55%)	999,76 €	88,24 €
3. Contratación externa	125.100,00 €	(63.66%)	114.954,39 €	10.145,61 €

4. Gastos xerais	9.171,03 € (4.67%)	8.427,26€	743,77 €
TOTAL GASTOS	196.499,26 €	180.563,17 €	15.936,09 €

O custes de cofinanciación serán asumidos polo Concello de Vigo, con cargo as retribucións do persoal municipal, ao ter asignado 5 empregados/as, conforme a táboa seguinte e cos porcentaxes correspondentes:

nº	PUESTO CONCELLO	Salarios	Seg.Social	Total salarios anuais	% Asignado	PERSONAL 18 MESES	PERSONAL 201	PERSONAL 2011
1	Xefe de servizo (Director de proxecto)	50.127,30 €	13.987,50 €	64.114,80 €	20,00%	19.234,44 €	6.411,48 €	12.822,96 €
1	Coordinadora (Coordinadora de proxecto)	36.601,52 €	11.236,67 €	47.838,19 €	25,00%	17.939,32 €	5.979,77 €	11.959,55 €
1	Tec. Económico	36.601,52 €	11.236,67 €	47.838,19 €	10,00%	7.175,73 €	2.391,91 €	4.783,82 €
1	Orientador	36.601,52 €	11.236,67 €	47.838,19 €	30,00%	21.527,19 €	7.175,73 €	14.351,46 €
1	Administrativa	28.231,86 €	7.114,43 €	35.346,29 €	20,00%	10.603,89 €	3.534,63 €	7.069,26 €
5						76.480,56 €	25.493,52 €	50.987,04 €

O orzamento total do proxecto é de 196.499,26 €, dos que o Concello de Vigo cofinancia o 8,11% (15.936,09 €), importe que cubre a cofinanciación establecida na convocatoria, que é do 80% conforme establece a taxa de cofinanciación establecida no plan de financiación do POEJ para el eixo prioritario 5, a través da Iniciativa de Emprego Xuvenil, e non precisa de retención de crédito o ter consignado nos orzamentos municipais os salarios do persoal adscrito ó proxecto.

Por todo o anteriormente exposto, e seguindo instrucións do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

- *Aprobar a memoria e o resumo do proxecto "NOVOS VIGUESES POLO EMPRENDEMENTO", que se achegan no anexo I para presentar á convocatoria de axudas "Itinerarios de emprendemento xuvenil" realizada da "Fundación INCYDE", destinadas á fomento do emprendemento de persoas novas, no contexto da garantía xuvenil".*
- *Solicitar á "Fundación INCYDE", dentro da convocatoria de axudas para os "Itinerarios de emprendemento xuvenil (PJ0617)", destinadas á integración sustentable de persoas novas no mercado de traballo, por medio do emprendemento, no contexto da garantía xuvenil", unha axuda por importe de **180.563,17 €** que se corresponde co 91,88% do total do proxecto (**196.499,26 €**) para o desenvolvemento do proxecto aprobado.*
- *Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola "Fundación INCYDE".*
- *Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da "Fundación INCYDE".*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(296).- AUTORIZACIÓN DE ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIONES Á FUNCIONARIA CON NÚMERO DE PERSOAL 21976. EXPTE: 29591/220.

Visto o informe de fiscalización do 29/03/17, dáse conta do informe-proposta do 22/03/17, da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

En escrito asinado polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e conformada polo Concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal solicítase que, en vista a atribución temporal de funcións de sinatura técnica de xestión no ámbito da unidade administrativa de Alcaldía en materia de xestión municipal realizada ao funcionario municipal **D. Oscar Couce Senra**, xefe do servizo administrativo e de control orzamentario na Área de Fomento (Servizos Xerais) e dado que o mesmo funcionario ven desenvolvendo amais das funcións propias na Área de Fomento, funcións na tramitación de expedientes do Servizo de Patrimonio e doutros servizos municipais en materia de tramitación de diferentes obras de diferentes área de gasto municipais (obras de acondicionamento da UNED, cubrición patios colexios, así como o desenvolvemento do programa EDUSI dos fondos feder, etc), sexa realizada unha acumulación de funcións á administrativa Nuria Méndez Lema para que desenvolva as funcións propias do seu posto e praza nos diferentes expedientes que se lle encomenden polo Xefe do Servizo Adminsitrativo e Control Orzamentario nos citados ámbitos

Pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal á Área de Recursos Humanos e Formación a realización dos trámites administrativos necesarios para autorizar a petición formulada en relación a citada funcionaria.

MOTIVACION

I.- Artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público: recolle a posibilidade legal de que as Administracións Públicas podan asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións. Por tanto, ten plena cobertura legal a atribución temporal de funcións en favor de funcionario/a público/a que reúna os requisitos previstos ao efecto na vixente RPT.

II.- Artigo 103 da vixente Constitución de 1978: obriga das Administracións Públicas de suxeición aos principios de eficiencia, xerarquía, desconcentración, descentralización e plena suxeición á Lei e ao Dereito.

A consecución da eficiencia na prestación do servizo público conleva a obriga de conciliar as necesidades derivadas do mesmo co marco legal vixente en materia de emprego público; no presente suposto, o carácter esencialmente temporal da atribución proposta conleva a adecuada cobertura provisional das funcións de natureza administrativa relativas a tramitación dos expedientes administrativos encomendados ao xefe do servizo administrativo e de control orzamentario na Área de Fomento (Servizos Xerais) e relacionados coa unidade administrativa de Alcaldía en materia de xestión municipal así como do Servizo de Patrimonio e doutros servizos municipais en materia de tramitación de diferentes obras de diferentes área de gasto municipais

Dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento das áreas e servizos municipais en canto á administración e xestión ordinaria do mesmos, sinatura técnica, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguemento da actividade e programación ordinaria, entre outros; e a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, considérase adecuado ao marco legal vixente a atribución provisional de funcións a funcionaria D^a Nuria Mendez Lema , con NP 21976, materializándose no exercicio de funcións correspondentes ao posto de administrativo de Admon XEral ,compatibilizando ditas funcións coas propias na Oficina administrativa de Vías e Obras, a que se atopa adscrita, dada a imposibilidade de redistribución de tarefas entre os efectivos do servizo, sendo axeitadas as funcións propostas á clasificación, grao ou categoría profesional da devandita funcionaria.

Dita atribución provisional ten carácter provisional, limitado no tempo, cesando automaticamente no momento no cal se produza a conseguinte reorganización interna e racionalización de estruturas administrativas, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo una vez verificados o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na normativa de aplicación e singularmente, o previsto nas vixentes Instruccions citada

III.- A presente atribución provisional, dacordo as vixentes instruccions sobre plantilla, podrá supor un gasto maximo de 3792,47 € no periodo marzo-dicembro 2017:

NP	Nome	Posto	Servizo	Codg posto	Posto Acumulado	CD Posto	Anual	Periodo
21976	Mendez Lema, Nuria	Administrativa	Vías e Obras	105	Administrativo	421,43 €	3.792,87 €	Marzo-dic

polo que remítese á Intervención Xeral Municipal, en cumprimento do preceptuado nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Unha vez autorizada e para a tramitación do correspondente expediente de aboamento de complemento de produtividade , de se-lo caso, deberá achegase de xeito trimestral informe do xefe de servizo, ou superior xerárquico, no que se fagan constar as tarefas efectivamente desempeñadas pola funcionaria no período considerado, así como a avaliación da súa realización, incluíndo os días que o/a funcionario/a afectado/a efectivamente ocupase o seu posto de traballo dentro do período obxecto de aboamento, de acordo cos sistemas de control de presenza establecidos (ficha ou similar), así como, no caso de acumulacións de funcións de dous postos, a acreditación dunha maior adicación horaria minimamente significativa que deberá ser superior en todo caso as 25 horas mensuais, cantidade correspondente en termino medio co porcentaxe aboado en concepto de produtividade en relación coas retribucións do posto acumulado.

IV.- En consecuencia, e á vista da motivación exposta; vistas as competencias que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase ao dito órgano colexiado a aprobación da seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

“PRIMEIRO.- Atribuir provisionalmente a funcionaria municipal D. Nuria Mendez Lema, con NP 21976, as funcións de natureza administrativa relativas a tramitación dos expedientes

administrativos encomendados ao xefe do servizo administrativo e de control orzamentario na Área de Fomento (Servizos Xerais) e relacionados coa unidade administrativa de Alcaldía en materia de xestión municipal así como do Servizo de Patrimonio e doutros servizos municipais en materia de tramitación de diferentes obras de diferentes área de gasto municipais

SEGUNDO.- Establecer como límite temporal da vixencia da presente autorización no momento no cal se produza a conseguinte reorganización interna e racionalización de estruturas administrativas, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo una vez verificados o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na normativa de aplicación e singularmente, o previsto nas vixentes Instruccions citadas.

A presente atribución provisional, dacordo as vixentes instruccions sobre plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo, podrá supor un gasto maximo de 3792,47 € no periodo marzo-dicembro 2017, sendo realizado pola Intervencion Xeral a correspondente Reserva de Credito na aplicacion orzamentaria 92001500000.

Para a tramitacion do correspondente expediente de aboamento de complemento de produtividade , de se-lo caso, deberá achegase de xeito trimestral informe do xefe de servizo, ou superior xerárquico, no que se fagan constar as tarefas efectivamente desempeñadas polos funcionarios no período considerado, así como a avaliación da súa realización, incluíndo os días que o/a funcionario/a afectado/a efectivamente ocupase o seu posto de traballo dentro do período considerado, de acordo cos sistemas de control de presenza establecidos (ficha ou similar), así como, no caso de acumulacions de funcións de dous postos, a acreditación dunha maior adicación horaria minimamente significativa que deberá ser superior en todo caso as 25 horas mensuais, cantidade correspondente en termino medio co porcentaxe aboado en concepto de produtividade coas retribucións do posto acumulado.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao efectivo afectado, Concelleiro/a-delegado/a das Áreas correspondentes, así como ao Comité de Persoal."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(297).- AUTORIZACIÓN DE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS AO EMPREGADO NÚM. 79389. EXPTE: 29603/220.

Visto o informe de fiscalización do 20/03/17, dáse conta do informe-proposta do 16/03/17, da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, conformado

pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A vista das necesidades organizativas, do volume de traballo e da inexistencia de reponsible administrativo na Area de Xestión Patrimonial e Territorial, proponse que polo Servizo de Recursos Humanos se realicen os tramites administrativos necesarios para encomendar ao funcionario municipal D. Oscar Couce Senra, con nº de persoal 79389, Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, con carácter transitorio a realización de funcións propias do seu posto e praza na Área de Xestión Patrimonial, así como aquelas que sexan necesarias para garantir a mellor calidade na prestación dos servizos.

Pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal ordénase en instrucción do servizo á Área de Recursos Humanos e Formación a realización dos trámites administrativos necesarios para autorizar a petición formulada en relación ao citado funcionario.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-Artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público: recolle a posibilidade legal de que as Administracións Públicas podan asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións. Por tanto, ten plena cobertura legal a atribución temporal de funcións en favor de funcionario/a público/a que reúna os requisitos previstos ao efecto na vixente RPT.

II.-Artigo 103 da vixente Constitución de 1978: obriga das Administracións Públicas de suxeición aos principios de eficiencia, xerarquía, desconcentración, descentralización e plena suxeición á Lei e ao Dereito.

A consecución da eficiencia na prestación do servizo público conleva a obriga de conciliar as necesidades derivadas do mesmo co marco legal vixente en materia de emprego público; no presente suposto, o carácter esencialmente temporal da atribución proposta conleva a adecuada cobertura provisional do exercicio das responsabilidades derivadas das funcións propias do seu posto e praza na Área de Xestión Patrimonial, así como aquelas que sexan necesarias para garantir a mellor calidade na prestación dos servizos.

Dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento das áreas e servizos municipais en canto á administración e xestión ordinaria do mesmos, sinatura técnica, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguemento da actividade e programación ordinaria, entre outros; e a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, considérase adecuado ao marco legal vixente a atribución provisional de funcións sen retribución económica ao empregado municipal D. Oscar Couce Senra, con nº de persoal 79389, Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.

Dita atribución provisional ten carácter limitado no tempo, cesando automaticamente coa aprobación da modificación puntual da RPT vixente e a conseguinte reorganización interna e racionalización de estruturas administrativas, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017.

III.- A presente atribución provisional non conleva gasto público, ao non levar asociada a percepción de complementos retributivos, sen prexuízo do cal, e para facilitar o exercicio da función interventora, remítese á Intervención Xeral Municipal aos efectos que procedan, en cumprimento do preceptuado nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

IV.- En consecuencia, e á vista da motivación exposta; vistas as competencias que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase ao dito órgano colexiado a aprobación da seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Atribuir provisionalmente ao funcionario municipal D. Oscar Couce Senra, con nº de persoal 79389, Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento a realización de funcións propias do seu posto e praza na Área de Xestión Patrimonial, así como aquelas que sexan necesarias para garantir a mellor calidade na prestación dos servizos, en sen conlevar complemento retributivo.

SEGUNDO.- Establecer como límite temporal da vixencia da presente autorización o momento no cal se produza a reorganización interna e racionalización de estruturas administrativas, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao efectivo afectado, Concelleiro/a-delegado/a das Áreas correspondentes, así como ao Comité de Persoal.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(298).- INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DE SERVIZO DE VARIOS SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE: 29605/220.

Visto o informe de fiscalización do 20/03/17, dáse conta do informe-proposta do 14/03/17, da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal e polo secretaria do Goberno local que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Na Área de Recursos Humanos e Formación teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos a indemnizacións por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos

documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vias e Obras, Desenvolvemento Local e Emprego, Conserxería, Mobilidade e Seguridade, Servizos Económicos (Inspección Tributos), Cemiterios, Vigozoo e Xuventude..

En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas xefaturas de Servizo e conformadas polos concelleiros/as-delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por esta área, supón un importe de 4.026,21€.

Por outra banda, inclúese o gasto por importe de 466,35€ en concepto de dietas por viaxes ao Parque Faunístico de los Pirineos (Biescas-Huesca), a Lugo (Hospital Rof Codina), e a Santiago de Compostela (USC), de varios empregados municipais adscritos ao servizo Vigozoo (doc.: 1600161965), segundo o establecido no Real Decreto citado.

En consecuencia os gastos do presente expediente en concepto de indemnizacións por razón de servizo (Kilometraxe e dietas) ascenden a un total de 4.492,56€.

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte -que comeza por D. Amoedo Moreira, José Luis e que remata en Dna. Carneiro Miniño, Pilar.-:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	N.P.	Período	Importe
79245/250 79246/250	VÍAS E OBRAS	Amoedo Moreira, Jose L.	36073079V	22467	Ago.16-xan 17	411,16 €
13797-77	D.L.EMPREGO	Gutiérrez Orúe, Fco. J.	13894232R	13920	Xaneiro 17	20,52 €
460-201	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	36022162E	13706	Xan.-feb. 17	575,32 €
464-201		Yáñez Rodríguez, Julio	36031496H	17822	Xan.-feb. 17	618,45 €
160175531	MOB. E SEG.	Roca Dafonte, José Manuel	32429643B	15303	Xan.-feb. 17	318,25 €
		Rodríguez Caramés, José	35547314D	15355	Febreiro 17	191,90 €

170014570		M. Bacelos González, José	36023371N	15480	Xan.-feb. 17	347,70 €
34553-502	SERV.ECON.	Fragua Jamardo, Vicente	36036018D	15510	Xaneiro 17	216,22 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36042726R	11529	Xaneiro 17	202,35 €
		Comesaña Rial, Manuel	36033647F	9550	Xaneiro 17	254,41 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36006131E	9361	Xaneiro 17	102,98 €
		González Campelos, Manuel	35997315S	23656	Xaneiro 17	168,34 €
11036/255 11059/255	CEMITERIOS	Rodríguez López, Adolfo	36030284W	76430	Xan.-feb. 17	181,64 €
160161965 170015528	VIGOZOO	Carballo Villar, Fernando	33280426R	83260	Out.16-xan.17	125,08 €
		Antonio Acuña Rodríguez	52494657D	83240	Out.16-xan.17	173,57 €
		Meira Covelo, Manuel	36036324Q	83280	Out.16-xan.17	94,62 €
4900-336	XUVENTUDE	Carneiro Miniño, Pilar	76986763Y	19028	Out.-nov.16	23,70 €
TOTAL						4.026,21 €

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes a dietas para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte -que comeza por D. Acuña Rodríguez, Antonio e que remata en D. Beltrán Muñoz, Manuel.-:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Pers	Mes/período	Importe
160161965	VIGOZOO (DIETAS)	Acuña Rodríguez, Antonio	52494657D	83240	Outubro-novembro 16	259,42 €
		Meira Covelo, Manuel	36036324Q	83280	Outubro-novembro 16	14,11 €
		Beltrán Muñoz, Manuel	36014761G	83270	Outubro-novembro 16	192,82
TOTAL						466,35 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Artigo 32 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

II.- Artigos 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" e aplicación 337.1.23020000 "Dietas do persoal" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguintes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta

de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

PRIMEIRO.- “Aprobar o gasto por un importe de 4.026,21 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos na área de Recursos Humanos e Formación, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou áreas e contan coa conformidade dos concelleiros/as-delegados/as das áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Amoedo Moreira, José Luis e que remata en Dna. Carneiro Miniño, Pilar-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 231.2 -Gastos de Locomoción.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe de 466,35 €, correspondente a dietas dos desprazamentos efectuado por persoal municipal por razón de servizo e debidamente acreditado no documento correspondente (1600161965) de D. Antonio Acuña Rodríguez, Manuel Meira Covelo e Manuel Beltrán Muñoz.-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 33712302000.

Das seguintes partidas funcionais:

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	TOTAL
1532	Vías e Obras	411,16 €
2410	Desenvolvemento Local e Emprego	20,52 €
9200	Conserxería	1.193,77 €
1330	Mobilidade e Seguridade	857,85 €
	Servizos Económicos	€
1640	Cemiterios	181,64 €
3371	Vigozoo	393,27 €
	Xuventude	23,70 €
	TOTAL	4.026,21 €

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	TOTAL
3371	Vigozoo (230200.- axudas de custo de persoal)	466,35 €
	TOTAL	466,35 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(299).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSOS DE REPOSICIÓN CONTRA O ANUNCIO DAS LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN

PROPIEDAD DE 23 PRAZAS DE POLICÍA LOCAL (18 QUENDA LIBRE E 5 DE MOBILIDADE HORIZONTAL), CORRESPONDENTES Á OEP 2010-2011, 2ª FASE. EXPTE: 29648/220.

Dáse conta do informe-proposta do 22/03/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral da Área de Recursos Humanos, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE HECHO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 14 de setembro de 2012, adoptou acordo aprobando as bases específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2010 e 2011 (publicación oficial no BOP do 18 de decembro de 2012).

Segundo.- No BOE nº 7, de 8 de xaneiro de 2014, publicouse a Resolución de 27 de decembro de 2013, do Concello de Vigo, referente a convocatoria para proveer: dezaoto prazas de Policía Local por oposición libre, pertencentes á escala da Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Policía Local e categoría Policía Local, segundo as bases publicadas no DOGA nº 240, de 18 de decembro de 2012, e nº 245, de 24 de decembro de 2013. No DOGA nº 182, de 23 de setembro de 2015, e nº 213, de 9 de novembro de 2016, publicáronse anuncios de rectificación das ditas bases. Abríndose un novo prazo de presentación de instancias de 20 días naturais, a contar dende o seguinte ó da publicación do anuncio no BOE, constando expresamente que os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente faranse públicos no BOP e no tablón de anuncios da Corporación, así como na páxina web municipal.

Terceiro.- Con data de 10 de febreiro de 2017, foi publicado no BOP nº 29, o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do día 8 de febreiro de 2017, relativo a lista provisional de admitidos e excluídos, composición do órgano de selección e lugar e data do primeiro exercicio da Policía local OEP 2010-2011, e en consecuencia declarar admitidos á totalidade dos aspirantes a excepción dos que expresamente se exclúen en listado subseguinte, nos termos do informe emitidos polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos..." No acordo publicado, no seu apartado segundo se recolle que os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de enmenda de deficiencias, achega de documentación e recusación dos membros do órgano de selección de 10 días hábiles, contados dende o seguinte ao publicación do acordo no BOP... *Unha vez resoltas as reclamacións, a relación definitiva de admitidos publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.vigo.org), sen necesidade de novo anuncio no BOP.*

Carto.- A primeira proba tivo lugar o día 3 de marzo de 2017 ás 12.00 horas.

Quinto.- Con data 10 de marzo de 2017 (dentro do prazo legalmente establecido) se presentaron os seguintes Recursos de Reposición:

- D. Cristian Alonso Figueroa (doc. 170038820), alegando que o acto administrativo que se recorre é contrario a dereito porque non se especificou na convocatoria, publicada no BOE nº 278 con data de 17 de novembro de 2016, o feito de que non se publicará a relación de aspirantes admitidos, polo que se incorre na obriga de publicar os mesmos.
- D. Pedro Campos Martínez (doc. 170038826), alegando que o acto administrativo que se recorre é contrario a dereito porque non se especificou na convocatoria, publicada no BOE nº 278 con data de 17 de novembro de 2016, o feito de que non se publicará a relación de aspirantes admitidos, polo que se incorre na obriga de publicar os mesmos.

- D. Pablo Díez Nieto (doc. 170038810), alegando que o acto administrativo que se recorre é contrario a dereito porque non se especificou na convocatoria, publicada no BOE nº 278 con data de 17 de novembro de 2016, o feito de que non se publicará a relación de aspirantes admitidos, polo que se incorre na obriga de publicar os mesmos.
- D. Jorge Fernández Camiño (doc. 170038802), alegando que o acto administrativo que se recorre é contrario a dereito porque non se especificou na convocatoria, publicada no BOE nº 278 con data de 17 de novembro de 2016, o feito de que non se publicará a relación de aspirantes admitidos, polo que se incorre na obriga de publicar os mesmos.
- D. José Manuel Gómez Rivera (doc. 170038821), alegando que o acto administrativo que se recorre é contrario a dereito porque non se especificou na convocatoria, publicada no BOE nº 278 con data de 17 de novembro de 2016, o feito de que non se publicará a relación de aspirantes admitidos, polo que se incorre na obriga de publicar os mesmos.
- D. Abel Javier Martínez Troitiño (doc. 170038816), alegando que o acto administrativo que se recorre é contrario a dereito porque non se especificou na convocatoria, publicada no BOE nº 278 con data de 17 de novembro de 2016, o feito de que non se publicará a relación de aspirantes admitidos, polo que se incorre na obriga de publicar os mesmos.
- D^a María Rodríguez Niño (doc. 170038806), alegando que o acto administrativo que se recorre é contrario a dereito porque non se especificou na convocatoria, publicada no BOE nº 278 con data de 17 de novembro de 2016, o feito de que non se publicará a relación de aspirantes admitidos, polo que se incorre na obriga de publicar os mesmos.
- D. Alberto Valencia Barac (doc. 170038813), alegando que o acto administrativo que se recorre é contrario a dereito porque non se especificou na convocatoria, publicada no BOE nº 278 con data de 17 de novembro de 2016, o feito de que non se publicará a relación de aspirantes admitidos, polo que se incorre na obriga de publicar os mesmos.

Sexto.- A resolución da Xunta de Goberno Local, acordada en sesión extraordinaria e urxente do día 8 de febreiro de 2017, publicado no BOP de 10 de febreiro de 2017 polo que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos, composición do órgano de selección e lugar e data do primeiro exercicio da Policía local OEP 2010-2011 obxecto de recurso, esgota a vía administrativa de conformidade con artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

FUNDAMENTOS DE DERECHO

Primeiro.- En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición. No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación dos recorrentes posto que son titulares de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respetado polos recorrentes, en tanto que o 10 de febreiro de 2017, foi publicado no BOP, o acordo da Xunta de Goberno Local, agora impugnado, relativo a lista provisional de admitidos e excluídos, composición do órgano de selección e lugar e data do primeiro exercicio da Policía local OEP 2010-2011, presentando os recursos o día 10 de marzo de 2017. O prazo de resolución e notificación é dun mes dende a entrada do escrito no rexistro do órgano competente para resolvelo (14/03/2017), sendo o silencio negativo desestimatorio, segundo o artigo 24 da citada Lei 39/2015.

Segundo.- En canto o fondo do asunto e como consideracións previas é preciso recordar que o artigo 55.1 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Estatuto Básico de Empregado Público reproduce a fórmula xa consagrada de que "Tódolos cidadáns teñen dereito ó acceso o emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade". A principal innovación da Constitución de 1978 o recoñecer a igualdade no acceso as funcións e cargos públicos no representativos é o outorgar-lle natureza xurídica de dereito fundamental. O Tribunal Constitucional estableceu a seguinte doutrina en cuanto a calificación xurídica e contido do dereito de acceso en condicións de igualdade:

a) A determinación do contido sustantivo do artigo 23.2 pódese realizar dende unha dobre perspectiva, dende unha óptica negativa, ou dende unha perspectiva positiva. Nesta última o artigo 23.2 CE recoñece o dereito a todas aquelas persoas que reúnan os requisitos previamente establecidos a acceder, permanecer e exercer o correspondente emprego público. Por acceso debe entenderse tanto o ingreso por primeira vez como a ocupación sucesiva de diferentes postos unha vez incorporados o emprego público, o cal inclúe os diferentes supostos de provisión de postos e de promoción. A permanencia o posto leva consigo o dereito a non ser removido se non polas causas e coas garantías legalmente establecidas, pero non pode esixirse, no caso dos funcionarios, que a situación estatutaria quede conxelada nos termos no que se regulara ó tempo do seu ingreso.

b) A formulación dos requisitos e das regras de procedemento para o acceso o emprego público deben reunir as notas de xeneralidade, abstracción e obxectividade. A esixencia de xeneralidade e abstracción ten como consecuencia a prohibición de referencias individualizadas o de pretericións "ad personam", na terminoloxía do Tribunal Constitucional; e esta dobre esixencia derivada del artigo 23.2 CE é tamén vinculante para o lexislador, ó que lle está vedada a utilización dunha lei singular neste sentido. Pero a posibilidade da previa determinación de as persoas que reúnen as condicións establecidas na aplicación del principio constitucional de mérito no implica referencia individualizada e concreta, salvo que o mérito en cuestión careza de fundamentación obxectiva.

Calquera modelo de selección xira ó redor dalgúns elementos básicos que conforman e condicionan seu funcionamento, de tal maneira que o resultado final dependerá da adecuada utilización de cada un destes elementos considerados individualmente e como parte do proceso. Estes elementos básicos, integrados na correspondente estrutura organizativa, son os que deben configurar un modelo de selección que responda aos principios de igualdade, mérito, capacidade, eficacia e eficiencia. Vemos estes elementos:

- . Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência.
- . Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- . A elección do sistema selectivo máis adecuado.
- . A composición dos órganos de selección.
- . A resolución das probas.
- . O contido da convocatoria: as bases da convocatoria constitúen a "lei do concurso" segundo a expresión acuñada por unha consolidada xurisprudencia. O Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (en adiante RXI), de aplicación supletoria á administración local, positiviza este principio nos seguintes termos: "as bases das convocatorias vinculan á Administración e aos Tribunais o Comisións Permanentes de Selección que xugularán as probas selectivas e a quen participe nas mesmas" (art. 15.4 RXI); ase mesmo, se afirma que "as convocatorias o súas bases, unha vez publicadas soamente podarán ser modificadas con suxeición estricta ás normas da Lei de Réxi-

me Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (na actualidade lei 39/2015)” (art. 15.5 RXI).

O contido mínimo da convocatoria, en aplicación do principio de publicidade art.55.2.a) TREBEP, o encontramos para o ámbito local regulado no art. 4 del RD 896/1991 (Reglas básicas e os programas de mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local) que, unha vez adaptado parcialmente á nova regulación, pode quedar así:

- A natureza e características das prazas convocadas, con determinación expresa da Escala, subescala e clase a que pertencen, con indicación do grupo de titulación que corresponda a cada unha delas, así como, no seu caso, as que correspondan a promoción interna.
- O sistema selectivo elixido: Oposición, concurso-oposición o concurso.
- As probas de aptitude e/o de coñecementos a superar, con determinación do seu número e natureza. En todo caso, un dos exercicios obrigatorios deberá ter carácter práctico.
- A indicación de si existirán entrevistas curriculares.
- A indicación de si existirán probas de carácter voluntario no eliminatorio.
- Nos supostos de concurso-oposición o concurso se especificarán os méritos e seu correspondente valoración, así como os sistemas de acreditación dos mesmos.
- Os programas que rexerán as probas e, no seu caso, a determinación das características xerais do período de prácticas ou curso de formación.
- A composición do Tribunal, que contarán cun Presidente, un Secretario e os vocais que determine a convocatoria. Súa composición será exclusivamente técnica e os vocais deberán poseer titulación ou especialización iguais o superiores ás esixidas para o acceso as prazas convocadas.
- O número de membros de ditos Tribunais, que en ningún caso será inferior a cinco.
- Os sistemas de calificación dos exercicios.
- As condicións e requisitos que deben reunir o cumprir os aspirantes.
- Os requisitos que deben reunir o cumprir os aspirantes a cubrir ó 5 por 100 de prazas reservadas para persoas con discapacidade de grado igual o superior ó 33 por 100, así como a garantía de que as probas se realicen en igualdade de condicións cos demais aspirantes.

Terceiro.- Os recurrentes fundamentan os seus recursos no artigo 20 do Real Decreto 364/1995 (RXI) no seu apartado segundo determina que: “2. Cuando el procedimiento selectivo lo permita, no será preceptiva la exposición al público de las listas de aspirantes admitidos, debiendo especificarse así en la correspondiente convocatoria. En estos casos, la resolución, que debe publicarse en el «Boletín Oficial del Estado», deberá recoger el lugar y la fecha de comienzo de los ejercicios, así como la relación de los aspirantes excluidos con indicación de las causas y del plazo de subsanación de defectos.” Sobre a base do anterior entenden que o acto administrativo que se recorre é contrario a dereito ó non especificarse na convocatoria publicada no BOE con data 17 de novembro , o feito de non se publicará a relación de aspirantes admitidos, polo que se incorre na obriga de publicar os mesmos. Afirmar así que foi imposible para os aspirantes coñecer a lista completa de participantes no proceso e poder proceder a formular as recusacións correspondentes o exercer os demais dereitos que lles asisten. Nada mais lonxe da realidade. Os recurrentes podían coñecer perfectamente os admitidos e os excluídos no proceso.

Como expuxemos no fundamento anterior as bases da convocatoria son “lei” do proceso selectivo, vinculan tanto a administración como aos participantes no proceso, podendo ser interpretadas, pero sen que tal interpretación pódoo ir en contra do seu tenor literal. Agora ben, tamén indica a doutrina que as diversas regras incluídas nas bases das convocatorias interpretaranse seguindo o denominado “canón hermenéutico de totalidade”, recollido no artigo 1285 do Código Civil o regular a interpretación dos contratos. Segundo esta regra interpretativa, as diversas regras interpretaranse conxuntamente, complementándose unhas coas outras, e atribuíndo as dúbidas o sentido que resulte do conxunto de todas”

As bases xerais dos procesos selectivos para a provisión das prazas vacantes contidas nas ofertas de emprego público dos anos 2010 e 2011, publicadas no DOGA do martes, 18 de decembro de 2012, no seu apartado sétimo dedicado a Admisión, dispón o seguinte: “Rematado o prazo de presentación de instancias, no prazo máximo de dous meses a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo en que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as cos motivos da exclusión, así como o lugar e data da realización das probas e a designación do órgano de selección.

A resolución publicarase no Boletín Oficial da provincia e no taboleiro de edictos da corporación, así como na páxina web do concello, e conterá a indicación de que as listas certificadas completas de admitidos e excluídos están expostas ao público no dito taboleiro de edictos xunto coa composición do órgano de selección. Concédese un prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no Boletín Oficial da provincia, para a corrección, por parte de quen fose excluído/a, dos defectos a que alude o artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, así como para promover a recusación dos membros dos órganos de selección. A publicación da dita resolución no Boletín Oficial da provincia será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na invocada lei.

A lista provisional elevarase a definitiva polo transcurso do prazo de reclamacións, se non as houber. No caso contrario, exporase de novo a lista definitiva, no mesmo lugar que a provisional, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación, sen necesidade de novo anuncio nos diarios oficiais, nun prazo máximo dun mes a partir da finalización do prazo de reclamacións...”

No acto que agora se impugna publicado no BOP nº 29 do 10 de febreiro consta no apartado 1: “Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos nos procesos selectivos convocados para a provisión das seguintes prazas: policía local, contidas nas Ofertas de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, e en consecuencia declarar admitidos á totalidade dos aspirantes a excepción dos que expresamente se exclúen en listado subseguinte, nos termos do informe emitidos polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos...” No acordo publicado, no seu apartado segundo se recolle que os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de enmenda de deficiencias, achega de documentación e recusación dos membros do órgano de selección de 10 días hábiles, contados dende o seguinte ao publicación do acordo no BOP... *Unha vez resoltas as reclamacións, a relación definitiva de admitidos publicarase no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.vigo.org), sen necesidade de novo anuncio no BOP.*

A maiores se publicou o mesmo día do anuncio do BOP, relación completa de admitidos na páxina web do concello. Polo tanto, non poden afirmar os recorrentes que foi imposible para eles coñecer a lista completa de participantes no proceso pois o Concello de Vigo cumpriu escrupulosamente todas ás esixencias de publicidade recollidas nas bases polo que a pretensión formulada polos solicitantes non pode ser acollida.

Carto.- En canto a solicitude de suspensión, no presente caso, a execución do acto impugnado, e dicir a continuación de procedemento, non xenera prexuízos irreparables, todos os recorrentes se presentaron a primeira proba, superando o primeiro exame a maioría de eles. Polo contrario, a situación actual do procedemento, no caso da suspensión, pode prexudicar á Administración, dada a necesidade de incorporar o persoal das prazas convocadas, e evidentemente os demais interesados. Polo tanto non se cumpren os requisitos do artigo 117 da Lei 39/2015

En atención a todo o expostos, e visto os Recursos interpostos e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar íntegramente os recursos presentados por D. Cristian Alonso Figueroa (doc. 170038820), D. Pedro Campos Martínez (doc. 170038826), D. Pablo Díez Nieto (doc. 170038810), D. Jorge Fernández Camino (doc. 170038802), D. José Manuel Gómez Rivera (doc. 170038821), D. Abel Javier Martínez Troitiño (doc. 170038816), D^a María Rodríguez Niño (doc. 170038806), D. Alberto Valencia Barac (doc. 170038813) contra a lista provisional de admitidos e excluídos, composición do órgano de selección e lugar e data do primeiro exercicio da policía local OEP 2010-2011.

Segundo.- Acordar a non procedencia da suspensión do procedemento por non concorrer os requisitos do artigo 117 da Lei 39/2015.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo aos recorrentes, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(300).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN DE ASPIRANTE ÁS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL POLA QUENDA LIBRE OEP 2010-2011, 2ª FASE, ANTE A SÚA EXCLUSIÓN NAS LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS EXCLUÍDOS/AS. EXPTE: 29649/220.

Dáse conta do informe-proposta do 22/03/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral da Área de Recursos Humanos, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 14 de setembro de 2012, adoptou acordo aprobando as bases específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2010 e 2011 (publicación oficial no BOP do 18 de decembro de 2012).

Segundo.- No BOE nº 7, de 8 de xaneiro de 2014, publicouse a Resolución de 27 de decembro de 2013, do Concello de Vigo, referente a convocatoria para proveer: dezaioito prazas de Policía Local por oposición libre, pertencentes á escala da Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Policía Local e categoría Policía Local, segundo as bases publicadas no DOGA nº 240, de 18 de decembro de 2012, e nº 245, de 24 de decembro de 2013. No DOGA nº 182, de 23 de setembro de 2015, e nº 213, de 9 de novembro de 2016, publicáronse anuncios de rectificación das ditas bases. Abríndose un novo prazo de presentación de instancias de 20 días naturais, a contar dende o seguinte ó da publicación do

anuncio no BOE, constando expresamente que os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente faranse públicos no BOP e no tablón de anuncios da Corporación, así como na páxina web municipal.

Terceiro.- Con data de 10 de febreiro de 2017, foi publicado no BOP nº 29, o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do día 8 de febreiro de 2017, relativo a lista provisional de admitidos e excluídos, composición do órgano de selección e lugar e data do primeiro exercicio da Policía local OEP 2010-2011, e en consecuencia declarar admitidos á totalidade dos aspirantes a excepción dos que expresamente se exclúen en listado subseguinte, nos termos do informe emitidos polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos...” No acordo publicado, no seu apartado segundo se recolle que os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de enmenda de deficiencias, achega de documentación e recusación dos membros do órgano de selección de 10 días hábiles, contados dende o seguinte ao publicación do acordo no BOP... Unha vez resoltas as reclamacións, a relación definitiva de admitidos publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.vigo.org), sen necesidade de novo anuncio no BOP.

Carto.- O día 2 de marzo de 2017 publicouse na páxina web do concello a lista definitiva de admitidos.

Quinto.- A primeira proba tivo lugar o día 3 de marzo de 2017 ás 12.00 horas.

Sexto.- No prazo legalmente establecido D. Iván Calvo Muñiz , nº de doc. 170038850 (expte. 29642/220), presenta alegacións manifestando que foi excluído da lista de admitidos provisionais publicada no BOP de Pontevedra nº29 do 10/02/2017, polo motivo de certificación académica e presentou a documentación necesaria para a subsanación de dita situación, dentro do prazo correspondente, publicando o día anterior ó primeiro exercicio a lista definitiva. Solicita a nulidade do proceso polas irregularidades mencionadas e por vulneración do principio de igualdade, mérito e capacidade.

A alegación presentada tramítase ao abeiro do disposto nos artigos 112, 116 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en canto que recursos potestativos de reposición contra un acto administrativo que pon fin á vía administrativa.

FUNDAMENTOS DE DERECHO

Primeiro.- En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición. No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación dos recorrentes posto que son titulares de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respetado polo recorrente, en tanto que o 10 de febreiro de 2017, foi publicado no BOP, o acordo da Xunta de Goberno Local, agora impugnado, relativo a lista provisional de admitidos e excluídos, composición do órgano de selección e lugar e data do primeiro exercicio da Policía local OEP 2010-2011, presentando os

recursos o día 10 de marzo de 2017. O prazo de resolución e notificación é dun mes dende a entrada do escrito no rexistro do órgano competente para resolvelo (14/03/2017), sendo o silencio negativo desestimatorio, segundo o artigo 24 da citada Lei 39/2015.

Segundo.- En canto o fondo do asunto e como consideracións previas é preciso recordar que o artigo 55.1 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Estatuto Básico de Empregado Público reproduce a fórmula xa consagrada de que “Tódolos cidadáns teñen dereito ó acceso o emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade”. A principal innovación da Constitución de 1978 o recoñecer a igualdade no acceso as funcións e cargos públicos no representativos é o outorgarlle natureza xurídica de dereito fundamental. O Tribunal Constitucional estableceu a seguinte doutrina en cuanto a calificación xurídica e contido do dereito de acceso en condicións de igualdade:

a) A determinación do contido sustantivo do artigo 23.2 pódese realizar dende unha dobre perspectiva, dende unha óptica negativa, ou dende unha perspectiva positiva. Nesta última o artigo 23.2 CE recoñece o dereito a todas aquelas persoas que reúnan os requisitos previamente establecidos a acceder, permanecer e exercer o correspondente emprego público. Por acceso debe entenderse tanto o ingreso por primeira vez como a ocupación sucesiva de diferentes postos unha vez incorporados o emprego público, o cal inclúe os diferentes supostos de provisión de postos e de promoción. A permanencia o posto leva consigo o dereito a non ser removido se non polas causas e coas garantías legalmente establecidas, pero non pode esixirse, no caso dos funcionarios, que a situación estatutaria quede conxelada nos termos no que se regulara ó tempo do seu ingreso.

b) A formulación dos requisitos e das regras de procedemento para o acceso o emprego público deben reunir as notas de xeneralidade, abstracción e obxectividade. A esixencia de xeneralidade e abstracción ten como consecuencia a prohibición de referencias individualizadas o de pretericións "ad personam", na terminoloxía do Tribunal Constitucional; e esta dobre esixencia derivada del artigo 23.2 CE é tamén vinculante para o lexislador, ó que lle está vedada a utilización dunha lei singular neste sentido. Pero a posibilidade da previa determinación de as persoas que reúnen as condicións establecidas na aplicación del principio constitucional de mérito no implica referencia individualizada e concreta, salvo que o mérito en cuestión careza de fundamentación obxectiva.

Calquera modelo de selección xira ó redor dalgúns elementos básicos que conforman e condicionan seu funcionamento, de tal maneira que o resultado final dependerá da adecuada utilización de cada un destes elementos considerados individualmente e como parte do proceso. Estes elementos básicos, integrados na correspondente estrutura organizativa, son os que deben configurar un modelo de selección que responda aos principios de igualdade, mérito, capacidade, eficacia e eficiencia. Vemos estes elementos:

- . Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrancia.
- . Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- . A elección do sistema selectivo máis adecuado.
- . A composición dos órganos de selección.
- . A resolución das probas.
- . O contido da convocatoria: as bases da convocatoria constitúen a “lei do concurso” segundo a expresión acuñada por unha consolidada xurisprudencia. O Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administra-

ción Xeral do Estado (en adiante RXI), de aplicación supletoria á administración local, positiviza este principio nos seguintes termos: “as bases das convocatorias vinculan á Administración e aos Tribunais o Comisións Permanentes de Selección que xugularán as probas selectivas e a quen participe nas mesmas” (art. 15.4 RXI); ase mesmo, se afirma que “as convocatorias o súas bases, unha vez publicadas soamente podarán ser modificadas con suxeición estricta ás normas da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (na actualidade lei 39/2015)” (art. 15.5 RXI).

O contido mínimo da convocatoria, en aplicación do principio de publicidade art.55.2.a) TREBEP, o encontramos para o ámbito local regulado no art. 4 del RD 896/1991 (Regras básicas e os programas de mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local) que, unha vez adaptado parcialmente á nova regulación, pode quedar así:

- A natureza e características das prazas convocadas, con determinación expresa da Escala, subescala e clase a que pertencen, con indicación do grupo de titulación que corresponda a cada unha delas, así como, no seu caso, as que correspondan a promoción interna.
- O sistema selectivo elixido: Oposición, concurso-oposición o concurso.
- As probas de aptitude e/o de coñecementos a superar, con determinación do seu número e natureza. En todo caso, un dos exercicios obrigatorios deberá ter carácter práctico.
- A indicación de si existirán entrevistas curriculares.
- A indicación de si existirán probas de carácter voluntario no eliminatorio.
- Nos supostos de concurso-oposición o concurso se especificarán os méritos e seu correspondente valoración, así como os sistemas de acreditación dos mesmos.
- Os programas que rexerán as probas e, no seu caso, a determinación das características xerais do período de prácticas ou curso de formación.
- A composición do Tribunal, que contarán cun Presidente, un Secretario e os vocais que determine a convocatoria. Súa composición será exclusivamente técnica e os vocais deberán poseer titulación ou especialización iguais o superiores ás esixidas para o acceso as prazas convocadas.
- O número de membros de ditos Tribunais, que en ningún caso será inferior a cinco.
- Os sistemas de calificación dos exercicios.
- As condicións e requisitos que deben reunir o cumprir os aspirantes.
- Os requisitos que deben reunir o cumprir os aspirantes a cubrir ó 5 por 100 de prazas reservadas para persoas con discapacidade de grado igual o superior ó 33 por 100, así como a garantía de que as probas se realicen en igualdade de condicións cos demais aspirantes.

Terceiro.- O recorrente fundamenta seu recurso alegando que presentou a documentación necesaria para a subsanación da solicitude, dentro do prazo correspondente, e aínda así foi excluído polo concello, publicando este o día anterior ó primeiro exercicio a lista definitiva. Solicita a nulidade do proceso polas irregularidades mencionadas e por vulneración do principio de igualdade, mérito e capacidade.

O artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común, recolle no artigo 47 as causas de nulidade de pleno dereito, afirmando que os actos das Administracións públicas son nulos de pleno dereito, entre outros, nos casos que lesionen dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional. Pola súa parte no artigo 23 da Constitución española, dentro dos “Dereitos fundamentais e liberdades públicas”, o artigo 23, no seu apartado 2 recolle o dereito dos cidadáns a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, con os requisitos que sinalen as leis. O Tribunal Constitucional sinalou que este apartado do artigo 23 da CE é unha concreción do principio de igualdade e que

non se refire unicamente aos cargos públicos representativos, se non que vincúlase co artigo 103.3 da CE de acceso á función pública de acordo cos principios de igualdade mérito e capacidade.

Ademais e como expuxemos no fundamento anterior as bases da convocatoria son “lei” do proceso selectivo, vinculan tanto a administración como aos participantes no proceso, podendo ser interpretadas, pero sen que tal interpretación pódoo ir en contra do seu tenor literal. Agora ben, tamén indica a doutrina que as diversas regras incluídas nas bases das convocatorias interpretaranse seguindo o denominado “canón hermenéutico de totalidade”, recollido no artigo 1285 do Código Civil o regular a interpretación dos contratos. Segundo esta regra interpretativa, as diversas regras interpretaranse conxuntamente, complementándose unhas coas outras, e atribuíndo as dubidosas o sentido que resulte do conxunto de todas”

As bases xerais dos procesos selectivos para a provisión das prazas vacantes contidas nas ofertas de emprego público dos anos 2010 e 2011, publicadas no DOGA do martes, 18 de decembro de 2012, no seu apartado sétimo dedicado a Admisión, dispón o seguinte: “Rematado o prazo de presentación de instancias, no prazo máximo de dous meses a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo en que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as cos motivos da exclusión, así como o lugar e data da realización das probas e a designación do órgano de selección.

A resolución publicarase no Boletín Oficial da provincia e no taboleiro de edictos da corporación, así como na páxina web do concello, e conterá a indicación de que as listas certificadas completas de admitidos e excluídos están expostas ao público no dito taboleiro de edictos xunto coa composición do órgano de selección. Concédese un prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no Boletín Oficial da provincia, para a corrección, por parte de quen fose excluído/a, dos defectos a que alude o artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, así como para promover a recusación dos membros dos órganos de selección. A publicación da dita resolución no Boletín Oficial da provincia será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na invocada lei.

A lista provisional elevarase a definitiva polo transcurso do prazo de reclamacións, se non as houber. No caso contrario, exporase de novo a lista definitiva, no mesmo lugar que a provisional, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación, sen necesidade de novo anuncio nos diarios oficiais, nun prazo máximo dun mes a partir da finalización do prazo de reclamacións...”

No BOP nº 29 do 10 de febreiro consta no apartado 1: “Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos nos procesos selectivos convocados para a provisión das seguintes prazas: policía local, contidas nas Ofertas de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, e en consecuencia declarar admitidos á totalidade dos aspirantes a excepción dos que expresamente se exclúen en listado subseguinte, nos termos do informe emitidos polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos...” No acordo publicado, no seu apartado segundo se recolle que os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de enmenda de deficiencias, achega de documentación e recusación dos membros do órgano de selección de 10 días hábiles, contados dende o seguinte ao publicación do acordo no BOP..
Unha vez resoltas as reclamacións, a relación definitiva de admitidos publicarase no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.vigo.org), sen necesidade de novo anuncio no BOP.

A maiores se publicou o mesmo día do anuncio do BOP, relación completa de admitidos na páxina web do concello.

Pola súa parte, nas bases da convocatoria, dentro de apartado IV Condicións dos aspirantes, subapartado d) adicado a titulación, dispón a necesidade de “estar en posesión ou en condición de obter o título de bacharelato (LOE), bacharelato (LOXSE), bacharelato unificado polivalente, Bacharelato superior, técnico (LOE), técnico (LOXSE), técnico especialista da Lei 14/1970 ou ter aprobadas as probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se acreditará mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e no seu defecto, xustificando de ter efectuado o depósito para obtelo...”

O aspirante Sr. Calvo Múñiz, non presentou o título oficial nin copia deste, aportando o certificado de bacharelato, pero sen xustificar ter efectuado o depósito para obter o citado título. Polo tanto incumpriu os requisitos de acreditación da titulación esixida consonte o previsto especificamente nas bases da convocatoria, sendo excluído por este motivo. Ase as cousas, non podemos falar de irregularidades da Administración nin moito menos de vulneración de dereitos fundamentais, polo que a súa pretensión non pode ser acollida.

En atención a todo o exposto, e visto os Recursos interpostos e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar integramente o recurso e as peticións solicitadas por D. Iván Calvo Múñiz contra a lista de admitidos e excluídos, composición do órgano de selección e lugar e data do primeiro exercicio da policía local OEP 2010-2011.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(301).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN DE ASPIRANTE ÁS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL POLA QUENDA LIBRE OEP 2010-2011, 2ª FASE, ANTE A SÚA EXCLUSIÓN NAS LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS EXCLUÍDOS/AS. EXPTE: 29650/220.

Dáse conta do informe-proposta do 22/03/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral da Área de Recursos Humanos, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 14 de setembro de 2012, adoptou acordo aprobando as bases específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2010 e 2011 (publicación oficial no BOP do 18 de decembro de 2012).

Segundo.- No BOE nº 7, de 8 de xaneiro de 2014, publicouse a Resolución de 27 de decembro de 2013, do Concello de Vigo, referente a convocatoria para proveer: dezaoito prazas de Policía Local por oposición libre, pertencentes á escala da Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Policía Local e categoría Policía Local, segundo as bases publicadas no DOGA nº 240, de 18 de decembro de 2012, e nº 245, de 24 de decembro de 2013. No DOGA nº 182, de 23 de setembro de 2015, e nº 213, de 9 de novembro de 2016, publicáronse anuncios de rectificación das ditas bases. Abríndose un novo prazo de presentación de instancias de 20 días naturais, a contar dende o seguinte ó da publicación do anuncio no BOE, constandingo expresamente que os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente faranse públicos no BOP e no tablón de anuncios da Corporación, así como na páxina web municipal.

Terceiro.- Con data de 10 de febreiro de 2017, foi publicado no BOP nº 29, o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do día 8 de febreiro de 2017, relativo a lista provisional de admitidos e excluídos, composición do órgano de selección e lugar e data do primeiro exercicio da Policía local OEP 2010-2011, e en consecuencia declarar admitidos á totalidade dos aspirantes a excepción dos que expresamente se exclúen en listado subseguinte, nos termos do informe emitidos polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos..." No acordo publicado, no seu apartado segundo se recolle que os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de enmenda de deficiencias, achega de documentación e recusación dos membros do órgano de selección de 10 días hábiles, contados dende o seguinte ao publicación do acordo no BOP... Unha vez resoltas as reclamacións, a relación definitiva de admitidos publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.vigo.org), sen necesidade de novo anuncio no BOP.

Carto.- O día 2 de marzo de 2017 publicouse na páxina web do concello a lista definitiva de admitidos.

Quinto.- A primeira proba tivo lugar o día 3 de marzo de 2017 ás 12.00 horas.

Sexto.- No prazo legalmente establecido D^a Melanie Méndez López, nº de doc. 170038841 (expte. 29650/220), presenta alegacións manifestando que foi excluída da lista de admitidos provisionais publicada no BOP de Pontevedra nº29 do 10/02/2017, polo motivo de certificación académica e presentou a documentación necesaria para a subsanación de dita situación, dentro do prazo correspondente, publicando o día anterior ó primeiro exercicio a lista definitiva. Solicita a nulidade do proceso polas irregularidades mencionadas e por vulneración do principio de igualdade, mérito e capacidade.

A alegación presentada tramítase ao abeiro do disposto nos artigos 112, 116 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pú-

blicas, en canto que recursos potestativos de reposición contra un acto administrativo que pon fin á vía administrativa.

FUNDAMENTOS DE DERECHO

Primeiro.- En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolución e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición. No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación dos recorrentes posto que son titulares de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respetado polo recorrente, en tanto que o 10 de febreiro de 2017, foi publicado no BOP, o acordo da Xunta de Goberno Local, agora impugnado, relativo a lista provisional de admitidos e excluídos, composición do órgano de selección e lugar e data do primeiro exercicio da Policía local OEP 2010-2011, presentando os recursos o día 10 de marzo de 2017. O prazo de resolución e notificación é dun mes dende a entrada do escrito no rexistro do órgano competente para resolvelo (14/03/2017), sendo o silencio negativo desestimatorio, segundo o artigo 24 da citada Lei 39/2015.

Segundo.- En canto o fondo do asunto e como consideracións previas é preciso recordar que o artigo 55.1 del Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Estatuto Básico de Emprego Público reproduce a fórmula xa consagrada de que "Tódolos cidadáns teñen dereito ó acceso o emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade". A principal innovación da Constitución de 1978 o recoñecer a igualdade no acceso as funcións e cargos públicos no representativos é o outorgarlle natureza xurídica de dereito fundamental. O Tribunal Constitucional estableceu a seguinte doutrina en cuanto a calificación xurídica e contido do dereito de acceso en condiciones de igualdade:

a) A determinación do contido sustantivo do artigo 23.2 pódese realizar dende unha dobre perspectiva, dende unha óptica negativa, ou dende unha perspectiva positiva. Nesta última o artigo 23.2 CE recoñece o dereito a todas aquelas persoas que reúnan os requisitos previamente establecidos a acceder, permanecer e exercer o correspondente emprego público. Por acceso debe entenderse tanto o ingreso por primeira vez como a ocupación sucesiva de diferentes postos unha vez incorporados o emprego público, o cal inclúe os diferentes supostos de provisión de postos e de promoción. A permanencia o posto leva consigo o dereito a non ser removido se non polas causas e coas garantías legalmente establecidas, pero non pode esixirse, no caso dos funcionarios, que a situación estatutaria quede conxelada nos termos no que se regulara ó tempo do seu ingreso.

b) A formulación dos requisitos e das regras de procedemento para o acceso o emprego público deben reunir as notas de xeneralidade, abstracción e obxectividade. A esixencia de xeneralidade e abstracción ten como consecuencia a prohibición de referencias individualizadas o de pretericións "ad personam", na terminoloxía do Tribunal Constitucional; e esta dobre esixencia derivada del artigo 23.2 CE é tamén vinculante para o lexislador, ó que lle está vedada a utilización dunha lei singular neste sentido. Pero a posibilidade da previa determina-

ción de as persoas que reúnen as condicións establecidas na aplicación del principio constitucional de mérito no implica referencia individualizada e concreta, salvo que o mérito en cuestión careza de fundamentación obxectiva.

Calquera modelo de selección xira ó redor dalgúns elementos básicos que conforman e condicionan seu funcionamento, de tal maneira que o resultado final dependerá da adecuada utilización de cada un destes elementos considerados individualmente e como parte do proceso. Estes elementos básicos, integrados na correspondente estrutura organizativa, son os que deben configurar un modelo de selección que responda aos principios de igualdade, mérito, capacidade, eficacia e eficiencia. Vemos estes elementos:

- . Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrència.

- . Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

- . A elección do sistema selectivo máis adecuado.

- . A composición dos órganos de selección.

- . A resolución das probas.

- . O contido da convocatoria: as bases da convocatoria constitúen a “lei do concurso” segundo a expresión acuñada por unha consolidada xurisprudencia. O Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (en adiante RXI), de aplicación supletoria á administración local, positiviza este principio nos seguintes termos: “as bases das convocatorias vinculan á Administración e aos Tribunais o Comisións Permanentes de Selección que xugularán as probas selectivas e a quen participe nas mesmas” (art. 15.4 RXI); ase mesmo, se afirma que “as convocatorias o súas bases, unha vez publicadas

soamente podarán ser modificadas con suxeición estricta ás normas da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (na actualidade lei 39/2015)” (art. 15.5 RXI).

O contido mínimo da convocatoria, en aplicación do principio de publicidade art.55.2.a) TREBEP, o encontramos para o ámbito local regulado no art. 4 del RD 896/1991 (Regras básicas e os programas de mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local) que, unha vez adaptado parcialmente á nova regulación, pode quedar así:

- A natureza e características das prazas convocadas, con determinación expresa da Escala, subescala e clase a que pertencen, con indicación do grupo de titulación que corresponda a cada unha delas, así como, no seu caso, as que correspondan a promoción interna.

- O sistema selectivo elixido: Oposición, concurso-oposición o concurso.

- As probas de aptitude e/o de coñecementos a superar, con determinación do seu número e natureza. En todo caso, un dos exercicios obrigatorios deberá ter carácter práctico.

- A indicación de si existirán entrevistas curriculares.

- A indicación de si existirán probas de carácter voluntario no eliminatorio.

- Nos supostos de concurso-oposición o concurso se especificarán os méritos e seu correspondente valoración, así como os sistemas de acreditación dos mesmos.

- Os programas que rexerán as probas e, no seu caso, a determinación das características xerais do período de prácticas ou curso de formación.

- A composición do Tribunal, que contarán cun Presidente, un Secretario e os vocais que determine a convocatoria. Súa composición será exclusivamente técnica e os vocais de-

berán poseer titulación ou especialización iguais o superiores ás esixidas para o acceso as prazas convocadas.

- O número de membros de ditos Tribunais, que en ningún caso será inferior a cinco.
- Os sistemas de calificación dos exercicios.
- As condicións e requisitos que deben reunir o cumprir os aspirantes.
- Os requisitos que deben reunir o cumprir os aspirantes a cubrir ó 5 por 100 de prazas reservadas para persoas con discapacidade de grado igual o superior ó 33 por 100, así como a garantía de que as probas se realicen en igualdade de condicións cos demais aspirantes.

Terceiro.- A recorrente fundamenta seu recurso alegando que presentou a documentación necesaria para a subsanación da solicitude, dentro do prazo correspondente, e aínda así foi excluída polo concello, publicando este o día anterior ó primeiro exercicio a lista definitiva. Solicita a nulidade do proceso polas irregularidades mencionadas e por vulneración do principio de igualdade, mérito e capacidade.

O artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común, recolle no artigo 47 as causas de nulidade de pleno dereito, afirmando que os actos das Administracións públicas son nulos de pleno dereito, entre outros, nos casos que lesionen dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional. Pola súa parte no artigo 23 da Constitución española, dentro dos “Dereitos fundamentais e liberdades públicas”, o artigo 23, no seu apartado 2 recolle o dereito dos cidadáns a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, con os requisitos que sinalen as leis. O Tribunal Constitucional sinalou que este apartado do artigo 23 da CE é unha concreción do principio de igualdade e que non se refire unicamente aos cargos públicos representativos, se non que vincúlase co artigo 103.3 da CE de acceso á función pública de acordo cos principios de igualdade mérito e capacidade.

En atención a todo o exposto, e visto os Recursos interpostos e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar integramente o recurso e as peticións solicitadas por D. Diego Méndez Castro contra a lista de admitidos e excluídos, composición do órgano de selección e lugar e data do primeiro exercicio da policía local OEP 2010-2011.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á recorrente, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(304).- REVOGACIÓN PARCIAL DE SUBVENCIÓN OUTORGADA Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CURVA DE SAN GREGORIO PARA O PROGRAMA III DE “GASTOS DE INVESTIMENTO: OBRAS E ADQUISICIÓN DE INMOBLES”,

DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ, ANO 2016. EXPTE. 7538/320.

Visto o informe xurídico de data 23/03/17, e o informe de fiscalización do 27/03/17, dáse conta do informe-proposta do 22/03/17, asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Con data 24/10/2016 a Xunta de Goberno Local acordou, en relación ao procedemento de “*Outorgamento de Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, para o ano 2016*” (expediente número 7353-320) conceder a Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio (CIF: 36972024) unha subvención para “*Reformas de albanalería, reparación persianas, material obras*” por importe de 3.976,02 €:

CIF	ASOCIACIÓN	EXPTE	PROGRAMAS		ORZAMENTO	IMPORTE SUBVENCIÓN	TOTAL
G-36972024	Asociación Veciñal Curva de San Gregorio	7353-320	II	Equipos informáticos, mesas de traballo	2190,44	2085,12	6061,14
			III	Reformas de albanalería, reparación persianas, material obras	4970,03	3976,02	

A entidade beneficiaria presentou con data 31/10/2016 (documento núm. 160147386), e conforme a Base 13ª da convocatoria, a xustificación documental da subvención outorgada dentro do prazo establecido tras a ampliación do mesmo aprobada pola Xunta de Goberno Local no acordo de outorgamento das subvencións, ao 31 de outubro de 2016..

Á vista da conta xustificativa presentada, e conforme a Base 15ª da convocatoria, pola que o “*servizo xestor poderá facer as indagacións pertinentes para o esclarecemento das dúbidas xurdidas en relación a calquera documento xustificativo achegado*”, o servizo de Participación Cidadá, con data 23/11/2016, solicita á Oficina de Licenzas de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo a resolución da comunicación previa que consta no expediente núm. 88968-421 iniciado pola Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio.

O servizo de Licenza de Obras, con data 30/11/2016, informa que, con data 07/07/2016, se lle notificou á entidade interesada que: “*examinada a súa comunicación previa de obras menores do local situado en Eugenio Fadrique (PZ) Nº 8, comunícolle que a mesma non reúne os requisitos esixidos pola normativa de aplicación, polo que non poderá iniciar a obra comunicada [...] en tanto non subsane as deficiencias sinaladas...*”.

Dita notificación consta recibida pola interesada en data 20/07/2016 (segundo xustificante de recepción que consta no expediente urbanístico), sen que na data de emisión do citado informe, se teña efectuado pola parte interesada ningún tipo de actuación no procedemento.

Segundo o disposto nas bases desta convocatoria, a conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustifi-

cantes directos do mesmo, debendo conter, entre outras, a seguinte documentación e información:

“h) Para a xustificación do Programa III, é preciso a presentación da licenza municipal de obras, ou, no seu caso, comunicación previa, de seren esixibles conforme á normativa urbanística. Achegarse, así mesmo, reportaxe das obras realizadas (...)”

Si ben, a entidade ten presentado copia da comunicación previa da obra (expte. núm. 88968/421), á vista do informe emitido o 30/11/2016 polo Servizo de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo á interesada non reúne os requisitos esixidos pola normativa de aplicación, en ningún caso, se aboará a subvención en concepto de obras, se a beneficiaria non acredita contar coa preceptiva licenza municipal ou, no seu caso, non achegue a correspondente comunicación previa, de seren esixibles conforme a normativa urbanística (Base 3ª)

Conforme a Base 17ª. a) da convocatoria, dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases convocatoria e, entre outras:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

Por outra banda, procederá a revogación parcial, por Programas, cando os incumprimentos a que se refire o apartado anterior se produzan unicamente respecto dun dos Programas para os que obtivo subvención.

Con data 20/12/2016 o concelleiro de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá asina a orde de servizo polo que se inicia este procedemento de revogación parcial, o que se lle comunica á entidade co número de saída 38887, abríndose un trámite de audiencia no que se lle outorga un prazo de 10 días para examinar o expediente, formular as alegacións e presentar os documentos que estimasen pertinentes.

A través do documento núm. 170001698 (5/01/2017) a entidade alega ter cumprido con todos os requisitos establecidos para a comunicación previa CP-004 presentada (artigo 194.5 da Lei 9/2002), se ben, conforme ao informe emitido polo servizo de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo *“no presuposto se describen obras que non son “obras menores” e deben tramitarse polo procedemento de comunicación previa de adaptación de locais para actividades CP-002”* e non o CP-004 como presentou a entidade solicitante e, polo tanto, carece dos requisitos esixidos na normativa urbanística para a iniciación das obras.

INFORME PROPOSTA

Á vista da memoria xustificativa da subvención presentada pola interesada a través do documento núm. 160147386 e das alegacións formuladas a través do documento núm. 170001698, apréciase determinadas circunstancias establecidas na Base 17ª da convocatoria que determinan a perda do dereito ao cobro da subvención, como é o incumprimento pola beneficiaria da seguinte obriga:

- As demais obrigas, condicións e requisitos establecidos nas bases, entre o que se atopa, contar coa preceptiva licenza de obras ou comunicación previa, xa que, a comunicación previa presentada pola interesada co núm. de expediente 89308/421, a teor do informe emitido polo servizo de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 30/11/2016, é incorrecta e, polo tanto, carece dos requisitos esixidos na normativa urbanística para a iniciación das obras”

Atendendo ao sinalado anteriormente, ao quedar acreditado que a entidade non reúne os requisitos establecidos na normativa urbanística que lexitiman o inicio das mesmas, salvo criterio en contra da Intervención e da Asesoría Xurídica, a conta xustificativa da subvención presentada pola beneficiaria non se considera axustada á normativa legal de subvencións e ás bases da convocatoria, polo que, non procede aprobala nin emitir a orden de aboamento da axuda.

En consonancia co exposto e de conformidade cos artigos 14, 34 e 37 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, coas Bases 3ª, 7ª, 13ª e 17ª da norma reguladora da subvención, e o art. 124.4.n e ñ) da LRBRL, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: REVOGAR parcialmente a subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de 24/10/2016 a prol da Asociación de Veciños Curva de San Gregorio, para o Programa III de gastos de investimento: obras e adquisición de inmobles para realizar “Reformas de albanelaría, reparación de persianas e materiais de obras”, polo importe de 3.976,02 €.

SEGUNDO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos artigos 40, 41, 42 e 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(305).- REVOGACIÓN PARCIAL DE SUBVENCIÓN OUTORGADA Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN MIGUEL DE OIA PARA O PROGRAMA III DE “GASTOS DE INVESTIMENTO: OBRAS E ADQUISICIÓN DE INMOBLES”, DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ, ANO 2016. EXPTE. 7468/320.

Visto o informe xurídico de data 23/03/17, e o informe de fiscalización do 27/03/17, dáse conta do informe-proposta do 15/03/17, asinado polo xefe do Servizo de

Participación e Atención Cidadá, o concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL) e Real Decreto 500/1990
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG)
- Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Bases de execución do presuposto, aprobado por acordo plenario de 09/12/2015 (Expte. 31/142) (*BOP núm. 239 de 12 de decembro de 2015*)
- Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992, modificado por acordo de 31/03/1993

ANTECEDENTES

Con data 02/07/2016 e documento núm. 160090084 a entidade Asociación de Veciños San Miguel de Oia, presentou solicitude de subvención de fomento do asociacionismo e a participación cidadá, para o Programa III de gastos de investimento: obras e adquisición de inmo- bles.

No dito documento a entidade solicitaba unha axuda para a colocación dunha “plataforma elevadora para discapacitados” achegando un presuposto de “Iglesias Salud SL.”, polo importe de 10.518,20 € (con IVE)

Con data 24/10/2016 a Xunta de Goberno Local acordou concederlle a subvención para o gasto solicitado por un importe de 7.985,83 €.

A beneficiaria presentou con data 31/10/2016 e documento núm. 160147332, a conta xustificativa da subvención, coa que se achega a factura núm. 00D/1898 de “Iglesias Salud SL.” en concepto de entrega plataforma supra plegado automática polo importe de 10.518,20 €.

Á vista da conta xustificativa presentada, o servizo de Participación Cidadá remite á benefi- ciaria a notificación con número de saída 33299 (de 25/11/2016), requiríndolle a presenta- ción da licenza de obras e a reportaxe fotográfica da obra coa cartelería publicitaria da sub- vención.

Con data 05/12/2016 e documento núm. 160164959 a interesada formula contestación ao requirimento achegando a comunicación previa das obras (núm. expte. 89308/421). Non obstante, non presenta a reportaxe fotográfica das mesmas coa cartelería publicitaria da

subvención, senón un escrito da empresa contratista no que se indica que a plataforma elevadora non se ten instalado.

Por outra banda, o servizo de Participación Cidadá, con data 23/11/2016, solicita á Oficina de Licenzas de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo a resolución da comunicación previa no expediente núm. 89308-421 da AVCS San Miguel de Oia.

O servizo de Licenza de Obras, con data 30/11/2016, informa que, con data 18/11/2016, se lle notificou á interesada que a comunicación previa da obra non reúne os requisitos esixidos pola normativa de aplicación, e que a comunicación previa incompleta non habilita para o inicio das obras.

Mediante orde emitida polo concelleiro de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá con data 15/12/2016, iníciase o procedemento de revogación parcial e perda do dereito ao cobro da subvención outorgada, notificada á entidade co número de saída 38779, abríndose un trámite de audiencia no que se lle outorga un prazo de 10 días para examinar o expediente, formular as alegacións e presentar os documentos que estimase pertinentes.

A través do documento núm. 170000832 (03/01/2017) a entidade presenta escrito no que expón que o motivo da demora na execución da obra debeuse ao incumprimento dos prazos de entrega pola empresa contratada e que a documentación integrante do expediente da comunicación previa da obra presentada na Xerencia de Urbanismo, segue a ser incompleta.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Conforme ao disposto no artigo 14 da LXS, apartados a) e b) son obrigas dos beneficiarios, cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións, así como xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención, establecéndose, no artigo 37, como causas de reintegro o incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención, así como o incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.

Porén, o artigo 34.3 da citada norma sinala que o pago da subvención se realizará previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da LXS.

Se reproducen neste punto, as consideracións expostas no informe de data 15/12/2016 e, en particular, a Base 13ª da convocatoria de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá (expte. 7353/320), sobre forma e prazo de xustificación da subvención outorgada, dispón que as beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmete o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos, finalizando o prazo para a xustificación das mesmas, tras a ampliación do mesmo aprobada

pola Xunta de Goberno Local no acordo de outorgamento das subvencións, ao 31 de outubro de 2016, perdéndose, en caso contrario, o dereito a percibir a axuda.

Segundo o disposto na devandita norma, a conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo, debendo conter a seguinte documentación e información:

“h) Para a xustificación do Programa III, é preciso a presentación da licenza municipal de obras, ou, no seu caso, comunicación previa, de seren esixibles conforme á normativa urbanística. Achegarase, así mesmo, reportaxe das obras realizadas (...)”

Se ben a entidade ten presentado copia da comunicación previa da obra (expte. núm. 89308/421), á vista do informe emitido o 30/11/2016 polo Servizo de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data 18/11/2016 se lle notificou á interesada que a dita comunicación non reúne os requisitos esixidos pola normativa de aplicación, e que non poderá iniciar as obras en tanto non subsane as deficiencias sinaladas.

Segundo a Base 7ª da convocatoria os beneficiarios das subvencións están obrigados a achegar a preceptiva licenza municipal de obras ou, no seu caso, cando a actuación no estivera sometida a réxime de autorización, a oportuna comunicación previa, de seren esixibles conforme á normativa urbanística.

Ademais, en ningún caso, se aboará a subvención en concepto de obras, se a beneficiaria non acredita contar coa preceptiva licenza municipal ou, no seu caso, non achegue a correspondente comunicación previa, de seren esixibles conforme a normativa urbanística (Base 3ª). Do mesmo xeito e, por extensión, enténdese que non se poderá aboar a subvención se, como neste caso, a comunicación previa presentada carece dos requisitos esixidos pola normativa de aplicación, para o inicio das obras.

Polo que se refire as alegacións expostas no seu escrito de data 03/01/2017 (documento núm. 170000832), no que a entidade manifesta que as obras seguen sen contar coa documentación urbanística necesaria para o inicio das mesmas e que, ademais, non están executadas, debe indicarse que, o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención dentro do prazo establecido nas bases da convocatoria é un requisito ineludible do que se fai depender o nacemento do dereito ao cobro, polo que, en ningún caso, tal como pretende a entidade, se pode admitir que o aboamento da subvención se produza, sen que as obras estean executadas e mais aínda cando aquelas carecen dos requisitos que, conforme a normativa urbanística, lexitiman a súa execución.

En relación co anterior e conforme a Base 17ª. a) da convocatoria, dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases convocatoria e, entre outras:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

Por outra banda, procederá a revogación parcial, por Programas, cando os incumprimentos a que se refire o apartado anterior se produzan unicamente respecto dun dos Programas para os que obtivo subvención.

INFORME PROPOSTA

Á vista da memoria xustificativa da subvención presentada pola interesada a través do documento núm. 160147332 e das alegacións formuladas a través do documento núm. 170000832, apréciase a concorrencia de determinadas circunstancias establecidas na Base 17ª da convocatoria que determinan a perda do dereito ao cobro da subvención, como é o incumprimento pola beneficiaria das seguintes obrigas:

1. Xustificar a realización da finalidade para a que lle se concedeu a subvención (colocación de plataforma elevadora para discapacitados) e que determinou o seu outorgamento dentro do prazo establecido.
2. As demais obrigas, condicións e requisitos establecidos nas bases, entre o que se atopa, contar coa preceptiva licenza de obras ou comunicación previa, xa que, a comunicación previa presentada pola interesada co núm. de expediente 89308/421, a teor do informe emitido polo servizo de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 30/11/2016, é incompleta e, polo tanto, carece dos requisitos esixidos na normativa urbanística para a iniciación das obras”

Atendendo ao sinalado anteriormente, ao quedar acreditado que a entidade non xustifica o cumprimento da finalidade para a que se lle outorgou a subvención dentro do prazo de xustificación e que a obra non reúne os requisitos establecidos na normativa urbanística que lexitiman o inicio das mesmas, salvo criterio en contra da Intervención e da Asesoría Xurídica, a conta xustificativa da subvención presentada pola beneficiaria non se considera axustada á normativa legal de subvencións e ás bases da convocatoria, polo que, non procede aprobala nin emitir a orden de aboamento da axuda.

En consonancia co exposto e de conformidade cos artigos 14, 34 e 37 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, coas Bases 3ª, 7ª, 13ª e 17ª da norma reguladora da subvención, e o art. 124.4.n e ñ) da LRBRL, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: REVOGAR parcialmente a subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de 24/10/2016 a prol da Asociación de Veciños San Miguel de Oia, para o Programa III de gastos de investimento: obras e adquisición de inmobles, mediante a colocación dunha “plataforma elevadora para discapacitados”, polo importe de 7.985,83 €.

SEGUNDO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos artigos 40, 41, 42 e 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o

primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(306).- REVOGACIÓN PARCIAL DE SUBVENCIÓN OUTORGADA Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN MIGUEL DE OIA PARA O PROGRAMA II DE “GASTOS DE INVESTIMENTO: EQUIPAMENTO”, DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ, ANO 2016. EXPTE. 7467/320.

Visto o informe xurídico de data 23/03/17, e o informe de fiscalización do 27/03/17, dáse conta do informe-proposta do 15/03/17, asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL) e Real Decreto 500/1990
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG)
- Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Bases de execución do presuposto, aprobado por acordo plenario de 09/12/2015 (Expte. 31/142) (*BOP núm. 239 de 12 de decembro de 2015*)
- Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992, modificado por acordo de 31/03/1993

ANTECEDENTES:

Con data 02/07/2016 e documento núm. 160090083 a entidade Asociación de Veciños San Miguel de Oia, presentou solicitude de subvención de fomento do asociacionismo e a participación cidadá, para o Programa II de gastos de investimento: equipamento.

No dito documento a entidade solicitaba unha axuda para adquisición de proxectores led, achegando un presuposto de "Damiel C.B." de 14 proxectores 30W LED 3000K, polo importe de 1.490,89 € (con IVE)

Con data 24/10/2016 a Xunta de Goberno Local acordou concederlle a subvención para o gasto solicitado por un importe de 1.490,89 €.

A beneficiaria presentou con data 31/10/2016 e documento núm. 160147330, a conta xustificativa da subvención, coa que achega a factura núm. 18 de Instalaciones Eléctricas Jorge Rodríguez Riveiro en concepto de 10 unidades de proxector interior 30-30W-3000K polo importe de 1.500,40 €.

Á vista da conta xustificativa presentada, consultado o servizo de Intervención, o servizo de Participación Cidadá remite á beneficiaria a notificación con número de saída 33299 (de 25/11/2016), facéndolle constar que a factura núm. 18 de Instalaciones Eléctricas Jorge Rodríguez Riveiro non se admite como gasto xustificativo da subvención, xa que, figura como emisor o representante da entidade.

A través do documento núm. 160164959 (05/12/2016) a interesada achega un escrito no que indica que a factura en cuestión é correcta, conforme ao artigo 17 dos seus estatutos, segundo o cal todos *"os compoñentes da Xunta Directiva terán dedicación preferiblemente non remunerada, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados os gastos debidamente xustificadas como desprazamentos, dietas ou traballos profesionais extraordinarios"*.

Mediante orde emitida polo concelleiro de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá con data 15/12/2016, iníciase o procedemento de revogación parcial e perda do dereito ao cobro da subvención outorgada, notificada á entidade co número de saída 38770, abríndose un trámite de audiencia no que se lle outorga un prazo de 10 días para examinar o expediente, formular as alegacións e presentar os documentos que estimase pertinentes.

A través do documento núm. 170000829 (03/01/2017) a entidade presenta escrito no que expón que o custe da factura é inferior ao presuposto presentado, e que polo carácter altruísta debe considerarse ao presidente da entidade como un terceiro alleo, xa que non percibe ningunha compensación económica nin de ningún outro tipo, considerando un agravio comparativo que leva a unha desigualdade co resto dos compoñentes da asociación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Se reproducen neste punto, as consideracións expostas no informe de data 15/12/2016, e en particular, a Base 12ª da convocatoria de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá (expte. 7353/320), dispón que a execución do servizo que constitúe o obxecto da subvención se poderá subcontratar pola entidade con terceiros, polo tanto, enténdese que non é conforme co anterior, a contratación do obxecto da subvención co presidente da entidade beneficiaria, en canto este non é un terceiro alleo a aquela senón parte integrante da súa organización.

A maior abundamento, o artigo 29.7.d) da Lei Xeral de Subvencións dispón que, en ningún caso, poderá concertarse pola beneficiaria da subvención a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria, salvo que, a contratación se realice conforme as condicións normais de mercado e se obteña a

previa autorización do órgano concedente nos termos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria.

Polo que se refire á alegación presentada pola interesada no seu escrito de data 05/12/16, na que considera que a devandita factura é correcta en base ao artigo 17 das súas normas estatutarias, débese concluír que, non se está a cuestionar aquí a validez das normas internas que rexen a organización e as relacións da entidade cos seus membros, sen embargo, de ningún xeito se pode pretender que as mesmas prevalezan sobre a normativa legal reguladora das subvencións e sobre as propias bases da convocatoria.

Polo tanto, con independencia das normas organizativas da entidade, e da forma na que esta desenvolva a súa actividade e se relacione cos seus asociados/as, débese concluír que, á vista da normativa analizada, a factura cuestionada non pode ser admitida como xustificante de gasto da subvención outorgada.

Polo que se refire ao sinalado pola entidade no seu último escrito de data 03/01/2017 (doc. núm. 170000829), no que se indica que o custe da factura e inferior ao presuposto presentado coa solicitude, debe sinalarse que esta afirmación non se corresponde coa realidade, xa que, o devandito presuposto de Damiel C.B." incluía un importe de 1.490,89 € (con IVE) por 14 unidades, mentres que a factura de Jorge Rodríguez Riveiro achega un custe de 1.500,40 € por 10 unidades, polo que, coa prestación do servizo polo presidente da entidade non queda acreditada a obtención dunha oferta mais vantaxosa economicamente para a entidade.

Tamén carece de fundamento a petición da entidade de considerar ao seu representante como un terceiro alleo a aquela, ao tempo que sinala o carácter altruísta do desempeño do cargo de presidente, circunstancia esta que non é consonte coa súa pretensión de obter un beneficio económico derivado do outorgamento dunha subvención pública á entidade á que representa, sendo tamén de difícil acomodo coa propia natureza xurídica das entidades asociativas cuxo trazo característico é, precisamente, a ausencia de ánimo de lucro.

Ademais, como xa se expuxo anteriormente, non se están a xulgar as normas organizativas internas e a forma na que a entidade desenvolve as súas actividades e se relaciona cos seus compoñentes, senón, se a subcontratación con persoas vinculadas á mesma se axusta á normativa legal de subvencións e ás propias bases da convocatoria.

En consonancia co exposto anteriormente, e ao quedar acreditado que, a devandita subcontratación non se contempla nas bases da convocatoria nin conta con autorización do órgano concedente da subvención, conforme a Base 17. a) da convocatoria, dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases convocatoria e, en particular de:

- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

Procederá a revogación parcial, por Programas, cando os incumprimentos a que se refire o apartado anterior se produzan unicamente respecto dun dos Programas para os que obtivo subvención.

INFORME PROPOSTA

Á vista da memoria xustificativa da subvención presentada pola interesada a través do documento núm. 160147330 e das alegacións formuladas a través do documento núm. 170000829, e tendo en conta que:

1. Non existe acordo previo do órgano concedente que autorice a subcontratación das actividades subvencionadas con persoas vinculadas ás entidades beneficiarias.
2. As bases da convocatoria non contemplan a posibilidade de subcontrar con persoas vinculadas á entidade.
3. Concorre no presidente da entidade a condición de “persoa vinculada á beneficiaria”,

A factura núm. 18 de Instalaciones Eléctricas Jorge Rodríguez Riveiro, salvo criterio en contra da Intervención e/ou da Asesoría Xurídica, non se considera axustada á normativa legal de subvencións (artigo 29.7.d) LXS) e ás bases da convocatoria (apartado 12), polo que, non procede aprobar a conta xustificativa da subvención presentada pola beneficiaria.

Á vista do exposto, de conformidade coas Bases 12^a e 17^a da norma reguladora da subvención, art. 124.4.n e ñ) da LRBRL, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: REVOGAR parcialmente a subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de 24/10/2016 a prol da Asociación de Veciños San Miguel de Oia, para o Programa II de gastos de investimento: equipamento mediante a adquisición de proxectores led polo importe de 1.490,89 €.

SEGUNDO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos artigos 40, 41, 42 e 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(307).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA REDE SEMAFÓRICA. EXPTE. 98645/210.

Visto o informe de fiscalización do 29/03/17, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, do 28/02/17, conformado polo concelleiro

delegado de Mobilidade e Seguridade e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

1.- O 9 de agosto de 2016, D. Juan Manuel Martínez Martínez, en nome e representación da UTE Esycsa-Etra, con NIF U36920692 adxudicataria do concurso convocado para a contratación do servizo de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministro, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria e prestación de servizos complementarios do Concello de Vigo, solicita a revisión de prezos do mencionado contrato, para a anualidade 2015/2016.

2.- Fundamentación xurídica:

Na cláusula V do Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o presente contrato se establece expresamente que o contrato poderá dar lugar só a revisión ordinaria que procederá para todos os prezos do contrato en función das variacións experimentadas polo IPC xeral establecido para todo o territorio nacional, elaborado polo INE e publicado no BOE, a petición e xustificación do contratista.

3.- Cálculo da actualización do prezo do contrato:

Primeiro: O importe de mantemento do APARTADO A resulta da suma das facturas realizadas nese período, e polo tanto, non coincide co valor calculado do IPC directamente aplicado sobre a base do contrato xa que o apartado de mantemento debe calcularse segundo Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o contrato na Cláusula IV xustificado no ANEXO I deste informe de proposta, resultando unha vez revisado os períodos o seguinte importe parcial.

–APARTADO A: Mantemento, conservación e reparación: 2.446.880,40 euros/ano

Segundo.- Para a revisión da anualidade nos apartados B-C e D de xullo 2015/2015 , a aplicar a partir do 1 de xullo de 2016, deberáse aplicar ao prezo fixado xuño 2015 (Expte 95611/210) á actualización do IPC, que segundo datos facilitados polo INE no período xuño 2015/2016 foi de -0,8%, resultando unha vez revisado os períodos os seguintes importes parciais:

–APARTADO B: Subministro e instalación para renovación de equipos e instalación segundo o establecido no Prego de prescricións técnicas: 585.411,78 euros/ano

–APARTADO C: Remodelación e ampliación de instalacións: 192.313,51 euros/ano.

–APARTADO D: Mantemento do túnel de Beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula 1.4 do Prego de cláusulas administrativas: 180.938,94 euros/ano.

PREZO CONTRATO A XULLO 2016

	Varicións IPC	APTD. B	APTD. C	APTD. D
Prezo xullo 2.015 (Epxt: 95611/210)		590.132,84 €	193.864,43 €	182.398,13 €
Precio xullo 2.016	IPC (-0,8%)	585.411,78 €	192.313,51 €	180.938,94 €

4.- Cálculo do IPC atrasado pendente de pago:

XULIO 2.016-XANEIRO 2.017	
Valor IPC 0,1%	TOTAIS
Xulio 2016 (IVE 21%)	239.736,27 €
Agosto 2016 (IVE 21%)	255.591,28 €
Setembro 2016 (IVE 21%)	255.067,89 €
Outubro 2016 (IVE 21%)	245.135,40 €
Novembro 2016 (IVE 21%)	215.272,06 €
Decembro 2016 (IVE%)	223.212,41 €
Xaneiro 2016 (21% IVE)	315.216,59 €
Febreiro 2016 (21% IVE)	237.170,97 €
TOTAL 2.013-2.014	1.986.402,87 €
IPC -0,8%	-15.891,22 €

O funcionario que subscribe propón ao Concelleiro delegado que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización, a seguinte proposta, que é coincidente coa que figura anteriormente mencionado.

Proposta de acordo:

PRIMEIRO: O prezo do contrato a partir do 1 de xullo de 2016 quedará establecido na cantidade de 3.405.544,63 euros/ano e os seguintes importes parciais:

- Mantemento, conservación e reparación: 2.446.880,40 euros.
- Subministro e instalación para renovación de equipos e instalacións segundo o plan establecido no Prego de prescricións técnicas: 585.411,78 euros.
- Remodelación e ampliación de instalacións por un importe fixo de 192.313,51 euros.
- Mantemento do túnel de Beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula 1.4 do Prego de cláusulas administrativas: 180.938,94 euros.

SEGUNDO: Recoñecer á empresa o obrigación de devolver a cantidade de 15.891,22€ correspondente o IPC de xuño 2016 ata febreiro 2017, con cargo á partida 1330 2279903.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(308).- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE MUNICIPAL PARA A SINATURA DAS ACTAS DE CESIÓN NA RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN. EXPTE. 5178/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 20/03/17, da adxunta ao director de Desenvolvemento Urbanístico, conformado polo xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

I.A Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo foi creada por acordo plenario do día 29.07.1996 como un modo de xestión directa do servizo público de urbanismo, con natureza de organismo autónomo con personalidade xurídica propia.

II.Dentro das funcións instrumentais en materia de planeamento e xestión atribuídas estatutariamente a Xerencia Municipal de Urbanismo, encóntrase a de *“Redactar, tramitar e executar os proxectos de urbanización, así como o seguimento e control da execución e recepción”* (artigo 2º, A) punto 13 dos Estatutos da XMU -versión consolidada e refundida aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo do día 06.09.2010, BOP n.º 193, do día 06.10.2010-), sendo estas funcións desenvolvidas pola Oficina de Urbanización e Infraestruturas inserida no Departamento de Desenvolvemento Urbanístico.

III. Polo que respecta ao cumprimento das obrigas de urbanización establecidas na lei e no planeamento urbanístico, o artigo 113.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece que *o deber de executar a urbanización se considerará cumprido coa recepción polo concello das obras previstas no correspondente proxecto de urbanización.*

Neste senso, o artigo 231.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, establece que: *“As recepcións expresas deberán formalizarse nunha acta de cesión das obras de urbanización”.*

A recepción das obras de urbanización ten un carácter eminentemente técnico pois parte da comprobación da correspondencia entre as obras executadas e o proxecto de urbanización definitivamente aprobado e, consecuentemente, na súa idoneidade para ser postas en uso.

IV. Así mesmo, no relativo á recepción das obras urbanizadoras promovidas no marco da xestión urbanística, de acordo co disposto na letra f) do punto segundo *“Procedemento previo á recepción das obras de urbanizacións”* da *“Instrucción 1/2015 pola que se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización no Concello de Vigo”* (BOP n.º 223, do 18.11.2015), o representante municipal designado pola Xunta de Goberno Local comunicará á entidade urbanística colaboradora a data da recepción das obras (propia, da *sinatura da acta de recepción*), á que esta ten a obriga de asistir, levántadose a correspondente acta subscribida por todos os asistentes.

V. Xa que logo, consonte o legalmente previsto, resulta necesario designar ao representante facultado para a sinatura das actas de cesión das obras urbanizadoras, sen prexuízo de que a súa eficacia quede condicionada a súa posterior aprobación pola Xunta de Goberno Local, momento a partir do que poderán entenderse recibidas as obras de urbanización e comezar, no seu caso, o cómputo do prazo de garantía. Todas estas circunstancias se expresarán nas actas de cesión que se formalicen.

VI. É competente para adoptar o presente acordo a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127, letra d), da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e demais de aplicación. Trátase, igualmente, dunha designación prevista na *“Instrucción 1/2015 pola que se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización no Concello de Vigo”.*

Polo antecedente, propónse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Designar como representante municipal para a sinatura das actas de cesión das obras de urbanización executadas no marco da xestión urbanística, ao Xefe de Urbanización e Infraestruturas da XMU, D. Juan Aguirre Rodríguez.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos e darlle a publicidade, de ser o caso, normativamente prevista.

TERCEIRO: Dar conta deste acordo ao Consello da XMU para o exercicio das funcións de control que ten estatutariamente atribuídas.

Non obstante este informe non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

Con data 30/03/17, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, acorda elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(309).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE, (Resolución 04/04/17)
David Regades Fernández.